



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de SETEMBRO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas do día dezanove de setembro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.
A concelleira Sra. Caride Estévez incorpórase no punto 5.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a xefa do Servizo de Asesoramento, Sra. García Álvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(712).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 12 de setembro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(713).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS. EXPTE. 19349/111.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/09/2025, asinado pola titular de Asesoría Xurídica municipal e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría Xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional contencioso-administrativa

1.- Contencioso. Expediente nº 18453/111

Sentenza nº 134 do 10 de xuño de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 82/2025

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Inactividade en relación coa solicitude de data 11/02/2024 (terraza na vía pública)

Expte(s): 138082/210

Contía: 600,00 €

Esta sentenza é firme e estima o recurso condenando ao Concello a que proporcione acceso á parte actora ao expediente numerado como 138082/210 e a obter copia dos documentos do mesmo.

A resolución estima o recurso e apreciando en primeiro lugar lexitimación pasiva da parte demandada Concello de Vigo, posto que se opuxera á falta da mesma pero o Xulgado considerou que o Concello ten un título como concesionario para a ocupación dese terreo.

No paseo de Bouzas existe unha terraza que xera ruídos e molestias á Comunidade de propietarios demandante, poñendo isto en coñecemento do Concello e solicitando acceso á autorización para a mesma. O Xulgado entende que ao amparo da Lei 19/2013 procede que a demandante acceda ao expediente administrativo sinalado pola parte actora, sen prexuízo de que se trate do mesmo expediente xa aportado a autos.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 18443/111

Sentenza nº 131 do 5 de xuño de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 71/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 15/11/2024 que lle impón sanción por exceso de velocidade

Expte(s): 327441/280

Contía: 100,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso interposto polo demandante contra a resolución de imposición dunha sanción por superar o límite de velocidade na Avenida de Beiramar.

A resolución entende correcta a tramitación do expediente e a carga de probar a comisión dos feitos, coa información gráfica das capturas, a verificación do aparello de medición, desbotando os argumentos da demanda. Argumentación unicamente centrada nun suposto de-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

ber de aportar esa proba da infracción, o que neste caso se produce, sen que as esixencias aducidas na demanda teñan amparo legal.

Ratifícase a resolución administrativa, do que o servizo de Seguridade ten que coñecer.

3.- Contencioso. Expediente nº 19125/111

Sentenza nº 154 do 23 de xullo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 255/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de 09/05/2025 desestimatoria de recurso de reposición formulado en expediente sancionador

Expte(s): 330833/280

Contía: 400,00 €

A sentenza, que é firme, desestima integramente o recurso presentado fronte á resolución de 09/05/2025, desestimatoria do recurso presentado contra a sanción de multa de 400 € e retirada de 4 puntos por circular con exceso velocidade na rúa Viña Grande. Non aprecia ningunha das irregularidades ou deficiencias invocadas pola recorrente no procedemento tramitado.

Condena en custas á recorrente co límite máximo de 100 €.

Deben coñecer o resolto os departamentos de Seguridade e de Recadación Executiva.

4.- Contencioso. Expediente nº 18717/111

Sentenza nº 162 do 23 de xullo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 149/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación de recursos de reposición formulados en expediente sancionador

Expte(s): 329297/280

Contía: 200,00 €

A sentenza desestima o recurso contencioso-administrativo interposto fronte á resolución desestimatoria do recurso de reposición no expediente sancionador en materia de tráfico, confirmando a sanción de multa de 200 euros pola comisión dunha infracción grave (estacionamento en lugar prohibido debidamente advertido coa pertinente sinalización vertical).

No FD 2º a sentenza advirte que deben evitarse escenarios contraditorios como os alegados pola recorrente, esixindo unha maior coordinación entre os axentes da Policía Local de Vigo, mediante o establecemento dunha unidade criterio na labor disciplinaria no ámbito da seguridade vial. O xulgador suxire que debe quedar constancia nas denuncias dos motivos que provocan a cualificación como grave ou leve, ou ben a cita dos preceptos legais que amparan a sanción, en lugar dos regulamentarios.

A sentenza, que é firme, non establece condena en custas á vista da disparidade do criterio policial posto de manifesto pola demandante que debe ser corrixido.

Deben coñecer o resolto os servizos de Seguridade e de Recadación Executiva.

5.- Contencioso. Expediente nº 18973/111

Sentenza nº 160 do 24 de xullo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 235/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo ditada en expediente sancionador (estacionamento en vao)

Expte(s): 330111/280

Contía: 251,40 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso interposto pola actora contra a sanción por estacionar ocupando un espazo reservado (vao) na rúa Barcelona. Impón as custas.

A resolución entende que o vao se atopaba en vigor, e que non hai esixencia legal algunha que determine o contido ou composición dun sinal de vao, no tocante á indicación do seu número de licenza ou Concello que a expida.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 18623/111

Auto nº 67 do 10 de xullo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 124/2025

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do Tribunal Económico-Administrativo de 04/02/2025 desestimatoria de reclamación económico-administrativa (recibo IBI 2021)

Expte(s): 5457/550 e 46808/512

Esta resolución, firme, acorda o arquivo e terminación do procedemento da parte actora ao non formular demanda en prazo.

A parte demandante era a concesionaria do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, e o acto obxecto de recurso unha resolución do TE-A relacionada coa liquidación do IBI do exercicio 2021.

O TE-A e a Dirección de Ingresos deben coñecer do resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 15480/111

Sentenza nº 978 do 15 de xullo de 2025

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Recurso de casación: 6812/2023

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Casación – Sentenza nº 84/2023 do 21/06/2023 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 10/2023



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

Obxecto do recurso de orixe: Acordo do Tribunal Económico-Administrativo de data 17/02/2022, desestimatorio da solicitude de rectificación e devolución do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana
Expte(s): 5570/550 e 66813/514
Contía: 8.599,00 €

A sentenza do Tribunal Supremo no recurso de casación 6812/2023:

i) Fixa os criterios interpretativos no FD CUARTO, reiterando que consonte á STC 182/2021, de 26/10/2021:

- as liquidacións provisionais ou definitivas do IIVTNU non impugnadas á data da referida sentenza (26/10/2021) non poderán ser recorridas con fundamento na declaración de inconstitucionalidade efectuada naquela; tampouco poderá solicitarse a rectificación con ese fundamento respecto de autoliquidacións respecto das que aínda non se formulara tal solicitude nesa data.

- permite impugnar as liquidacións provisionais ou definitivas que non acadaran firmeza ao tempo da sentenza ou solicitar a rectificación de autoliquidacións en prazo, cando a petición, reclamación ou recurso se fundamente en motivos distintos da declaración de inconstitucionalidade efectuada pola STC 182/2021.

ii) Estima o recurso de casación deducido polo Concello de Vigo contra a Sentenza de 21/06/2023 ditada polo XC-A nº1 de Vigo no PA 10/2023 que casa e anula.

iii) Desestima o recurso interposto pola representación procesal do recorrente contra a resolución do TEA de Vigo de 17/08/2022 por ser conforme a dereito, pois a solicitude de rectificación presentouse o 03/11/2021 con posterioridade á STC 182/2021 e baseada na declaración de inconstitucionalidade contida na referida sentenza, sen que conste acreditada minusvalía.

iv) Non condena ao pago das custas.

Deben coñecer o resolto a Dirección de Tributos (IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo de Vigo.

8.- Contencioso. Expediente nº 18281/111

Sentenza nº 327 do 18 de xullo de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2 de A Coruña

Recurso de apelación: 4051/2025

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Apelación da sentenza nº 233/2024 do 10/12/2024 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 258/2024 (expediente nº 17734/111)

Obxecto do recurso de orixe: Resolución do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, desestimatoria de recurso de reposición formulado contra a desestimación presunta da solicitude de rectificación de autoliquidación e devolución de ingresos indebidos do IIVTNU

Expte(s): 5890/550 e 22819/514

Contía: 2.189,22 €

A sentenza desestima o recurso de apelación interposto polo Concello contra a sentenza 233/2024 ditada polo XC-A nº 1 de Vigo polos seguintes motivos:

- Non considera producida a prescrición alegada pola Administración (FX4): a solicitude de rectificación presentase dentro do prazo legal e ante o silencio na resolución do recurso acolle a argumentación da sentenza recorrida con cita da Sentenza da Audiencia Nacional 2445/2015, de 22 de xuño. A controversia que se suscita entre a prescrición do dereito e o deber administrativo de resolver o proceso debe decantarse a favor do segundo.

- Procedencia da devolución dos ingresos indebidos (FX5): transcribe boa parte da STS 339/2024, de 28 de febreiro de 2024, que reexaminou a doutrina xurisprudencial do TS sobre a revisión de liquidacións firmes por IIVTNU á vista dos diversos pronunciamentos do TC, entre eles a STC 182/2021, de 26 de outubro; a STC 108/2022, de 26 de setembro, en recurso de amparo, a fin de reafirmar, completar, matizar o, en su caso, corrixir a xurisprudencia que establece que a declaración de inconstitucionalidade contida na STC 59/2017, de 11 de maio non determina que as liquidacións por IIVTNU xiradas con anterioridade e que houberan adquirido firmeza en vía administrativa, podan ser obxecto de revisión de oficio a través dos supostos de nulidade de pleno dereito previstos no artigo 217. 1 da LXT. Aplicando a doutrina exposta, considera que a recorrente solicitou a revisión de oficio ao amparo do ditado da STC 59/2017, alegando a ausencia de incremento de valor entre a adquisición e a transmisión, constando acreditada no expediente administrativo, polo que conclúe a desestimación do recurso.

Impón as custas procesuais á parte apelante co límite máximo de 1.000 euros.

Esta sentenza non é firme, pero contra a mesma só cabe interpor recurso de casación, previsto no artigo 86 da LXC-A perante o TS ou perante a correspondente sección da Sala do Contencioso do TSXG.

Deben coñecer o resolto o Tribunal Económico-Administrativo e a Dirección Xeral de Ingresos, e informar sobre a procedencia e as bases dunha eventual casación con antelación suficiente ao vencemento do prazo que finaliza o 3 de outubro de 2025.

9.- Contencioso. Expediente nº 18370/111

Sentenza nº 155 do 23 de xullo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 42/2025

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: Tributos - Liquidacións trimestres 2022 Canle Eiras

Expte(s): 3230 /500

Contía: 141.200,57 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso do Concello de O Porriño contra as resolucións aprobatorias das liquidacións dos custes de recuperación dos investimentos na canle de Eiras do exercicio 2022.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

A sentenza valida a resolución municipal, lembrando a existencia de numerosos precedentes desestimatorios promovidos con relación a exercicios anteriores polo Concello de O Porriño, sendo as liquidacións meros actos aplicativos dunha fórmula de cálculo conforme a un acto firme e non impugnado polo Concello de O Porriño.

A Dirección de Ingresos debe coñecer do resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 12715/111

Sentenza nº 175 do 30 de xuño de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela

Ordinario: 31/2022

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución pola que se aproba o expediente para a contratación do servizo de “Explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións, Fornelos de Monte e Ponte Candelas (Pontevedra)”

Expte(s): 419/441

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, non firme e recorrida en apelación, desestima o recurso interposto polo Concello de Vigo contra a resolución da Directora de Augas de Galicia de aprobación de expediente de contratación e documentación relacionada, para a explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras.

A resolución considera que as obras da presa as executou a Administración do Estado, polo tanto de titularidade estatal e que a Comunidade Autónoma galega se subrogou nos dereitos e obrigas do Estado. Por remisión a outra sentenza do TSXG, o Xulgado resolve que a concesión outorgada en favor do Concello de Vigo non abrangue a explotación ordinaria da presa.

Concluindo que o Concello de Vigo non asumiu en virtude de título concesional a explotación, conservación e mantemento da presa, polo que a súa concesión non se vulnera. Entende que da proba practicada é compatible o exercicio de potestades autonómicas e municipais sobre a mesma infraestrutura.

A área de Fomento debe coñecer do resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 18460/111

Sentenza nº 133 do 10 de xuño de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 88/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de RPA formulada o 18/10/2023 (caída na vía pública)

Expte(s): 7228/243

Contía: 13.373,61 €

Esta sentenza, firme por contía, estima parcialmente o recurso e condena ao abono da cantidade en concepto de indemnización por responsabilidade patrimonial por importe de

9.000 euros mailos xuros devengados dende a data da reclamación (18/10/2023) e ata o seu abono.

Na resolución xudicial se aprecia responsabilidade municipal porque o desperfecto na calzada, aínda non tratándose dunha zona de circulación de peóns, presentaba un perigo para o demandante, condutor dunha ambulancia que estaba acompañando a unha doente.

De modo que canto á valoración probatoria dos danos corporais, leva a cabo unha ponderación do informado polo demandante e polo Concello no expediente, e se valora a tanto alzado incluíndo a intervención cirúrxica do actor, polo importe antes mentado.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto e executar do resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 18505/111

Sentenza nº 140 do 19 de xuño de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 105/2025

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Materia Patrimonio RPA - Danos por atasco no sumidoiro.

Expte(s): 7395/243

Contía: 2.178,09 €

A sentenza, que quedou firme, desestima o recurso fronte ao Concello de Vigo ao considerar que non se acreditou que o atasco do sumidoiro da rúa que supostamente produciu a filtración de auga e danos ao inmovible non se debeu a sucidade senón ao un defectuoso funcionamento que provocaba acumulación de pluviais polo que a responsabilidade correspondería a Administración do Estado, que é a titular da cuberta transitable de acceso ao C.C. A Laxe; non obstante tampouco se lle imputa a responsabilidade por falta de reclamación previa na vía administrativa.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

13.- Contencioso. Expediente nº 18989/111

Decreto nº 40 do 17 de xullo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 194/2025

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, de reclamación de RPA (Danos persoais e materiais por mor dun socavón)

Expte(s): 7415/243

O decreto acorda ter por desistido ao recorrente MAPFRE ESPAÑA COMPAÑÍA DE SEGUROS E REASEGUROS, SA, declarando a terminación deste procedemento.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

14.- Contencioso. Expediente nº 18790/111

Sentenza nº 153 do 22 de xullo de 2025



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 206/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación de RPA (caída na vía pública)

Expte(s): 7447/243

Contía: 7.178,67 €

Esta sentenza é firme e estima parcialmente o recurso da demandante, por importe de 4.661,15 euros de indemnización por responsabilidade patrimonial por mor dunha caída na Rúa San Amaro.

A resolución aprecia suficiente entidade do desperfecto como para causar unha caída nas persoas que transitan polo lugar dos feitos. Entende que as dimensións da beirarrúa -moi estreita- obrigaban a transitar xusto por riba do desperfecto, e que non era apreciable a distancia.

Canto aos danos persoais sufridos pola demandante, unha persoa de idade avanzada, se acolle a valoración efectuada con soporte na documentación médica aportada ao preito como proba, e que supón o total anteriormente indicado. Tamén se condena á aseguradora do Concello solidariamente excluído o importe da franquía.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 18964/111

Auto nº 179 do 30 de xullo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 222/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación de RPA (danos accidente de tráfico)

Expte(s): 7499/243

O auto declara terminado o procedemento ordenando o arquivo do recurso, sen especial pronunciamento en custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

16.- Contencioso. Expediente nº 18811/111

Sentenza nº 168 do 31 de xullo de 2025

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 163/2025

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de RPA (danos por caída na vía pública)

Expte(s): 7402/243

Contía: 9.294,01 €

Esta sentenza, que é firme por contía, desestima o recurso sen imposición de custas contra a desestimación presunta por responsabilidade patrimonial da Administración.

A demandante pretendía unha condena por importe de 9.294,01 euros por unha caída nun parque biosaudable, e o Xulgado desestima a demanda por varias razóns. Acreditada a natureza desa instalación, da alternativa de paso, e do feito de que a propia actora e unha testemuña declarou -e constaba na demanda e na vía administrativa- que emprega esa zona como atallo para chegar ao seu domicilio, é quen se coloca na situación de sufrir percances como o acontecido.

Unha instalación como esa ten un chan de area ou grava compactada, e se destina a zona de lecer e socialización compatible coa práctica deportiva. É evidente que non se trata dunha zona destinada ao tránsito como é unha beirarrúa, e polo tanto, non é esixible o mesmo estándar de mantemento e condicións que a unha beirarrúa.

Rexeitando a existencia de responsabilidade municipal, desestímase o recurso sen imposición de custas.

O servizo de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial debe coñecer do resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 18455/111

Sentenza nº 488 do 16 de xullo de 2025

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1 de A Coruña

Recurso de apelación: 161/2025

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Apelación da sentenza nº 35/2025 do 13/02/2025 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 300/2024 (expediente nº 17929/111)

Obxecto do recurso de orixe: Resolución do Concello de Vigo do 01/10/2024 sobre solicitude da prolongación no servizo activo.

Expte(s): 44873/220 e 45465/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza non é firme, pero contra a mesma só é posible interpoñer recurso de casación. Desestima o recurso de apelación do actor con imposición de custas.

A sentenza do TSXG confirma a ditada na instancia e entende que nos supostos coma o presente, no que se solicite a prorroga na situación de servizo activo, opera o réxime do silencio positivo, entendendo a Sala que o prazo será de tres meses como establece a LPAC. Neste caso, dentro deses tres meses de prazo resolveuse e se lle notificou ao demandante.

Canto ao fondo do asunto no relativo á motivación para a desestimación da solicitude, a Sala entende igualmente que se cumpriu co requisito de xustificar as razóns polas cales non se accedía. Constan informes con razóns organizativas para non prorrogar conforme á estrutura actual da área de Fomento/Servizos xerais. Tamén se valora que a colaboración co servizo de Comercio era temporal, e especialmente que as necesidades dese servizo non precisan da prorroga do recorrente no servizo activo.

A área de Fomento e a de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

18.- Contencioso

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección n.º 4

Recursos de casación

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Casación - Sentenzas ditadas polo TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección n.º 1 en Recursos de Apelación

Obxecto dos recursos de orixe: Retribucións. Complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extraordinarias durante os últimos 5 anos. Policía Local.

Contía: Indeterminada

	Recursos de casación			Recursos de apelación			Recursos de orixe			
Ref. Asesoría	Proced.	Sentenza Núm-Data		Proced.	Sentenza Núm-Data		Ref. Asesoría	Proced. Abreviado	XC-A Vigo	Exptes. Admvos
14390/111	8514/22	820	25/06/25	193/22	650	14/09/22	13926/111	295/21	2	35363/220 38266/220
14431/111	8534/22	821	25/06/25	173/22	647	14/09/22	13995/111	319/21	2	35363/220 38149/220
14627/111	1089/23	822	25/06/25	347/22	936	09/12/22	13916/111	280/21	1	35363/220 38102/220
14643/111	1707/23	823	25/06/25	368/22	919	30/11/22	13917/111	282/21	1	35363/220 38266/220
14401/111	2377/23	824	25/06/25	196/22	24	18/01/23	13980/111	306/21	2	35363/220 38149/220
14406/111	2483/23	825	25/06/25	184/22	944	09/12/22	13922/111	293/21	2	35363/220 38149/220
14630/111	2523/23	826	25/06/25	344/22	962	16/12/22	14013/111	320/21	1	35363/220 38102/220
14633/111	2656/23	827	25/06/25	349/22	5	18/01/23	14000/111	307/21	1	35363/220 38149/220
14400/111	2776/23	828	25/06/25	176/22	115	15/02/23	13960/111	301/21	2	35363/220 38149/220
14376/111	2779/23	829	25/06/25	151/22	185	08/03/23	13921/111	292/21	2	35363/220
14413/111	2784/23	830	25/06/25	171/22	81	01/02/23	14002/111	320/21	2	35363/220 38149/220 38266/220
14658/111	2786/23	831	25/06/25	366/21	144	27/02/23	14012/111	313/21	1	35363/220 38266/220
14389/111	2788/23	832	25/06/25	191/22	186	08/03/23	13913/111	290/21	2	35363/220 38102/220
14403/111	8532/22	866	30/06/25	178/22	648	14/09/22	13973/111	307/21	2	35363/220 38149/220
14620/111	8931/22	867	30/06/25	358/22	801	26/10/22	14035/111	334/21	1	35363/220 38149/220
14657/111	8962/22	868	30/06/25	353/22	800	26/10/22	13906/111	276/21	1	35363/220 38102/220

	Recursos de casación			Recursos de apelación			Recursos de orixe			
Ref. Asesoría	Proced.	Sentenza Núm-Data		Proced.	Sentenza Núm-Data		Ref. Asesoría	Proced. Abreviado	XC-A Vigo	Exptes. Admvos
14429/111	8968/22	869	30/06/25	177/22	673	21/09/22	13923/111	294/21	2	35363/220
14412/111	8969/22	870	30/06/25	197/22	690	28/09/22	13965/111	305/21	2	35363/220 38149/220
14407/111	9017/22	871	30/06/25	183/22	649	14/09/22	13938/111	298/21	2	35363/220 38149/220
14392/111	9055/22	872	30/06/25	192/22	794	26/10/22	14063/111	335/21	2	35363/220 38102/220
14404/111	218/23	873	30/06/25	170/22	722	05/10/22	14026/111	337/21	2	35363/220 38266/220
14430/111	238/23	874	30/06/25	172/22	815	02/11/22	13993/111	314/21	2	35363/220 38149/220
14626/111	262/23	875	30/06/25	337/22	839	07/11/22	13907/111	278/21	1	35363/220 38102/220
14649/111	3130/23	876	30/06/25	359/22	172	08/03/23	14018/111	326/21	1	35363/220 38266/220
14632/111	3140/23	877	30/06/25	343/22	14	18/01/23	14127/111	380/21	1	35363/220 38149/220
14459/111	1191/23	1020	16/07/25	210/22	828	02/11/22	13971/111	308/21	2	35363/220 38102/220
14399/111	1507/23	1021	16/07/25	195/22	830	02/11/22	13936/111	296/21	2	35363/220 38226/220
14410/111	3164/23	1022	16/07/25	179/22	168	08/03/23	14027/111	338/21	2	35363/220 38149/220
14629/111	3166/23	1023	16/07/25	339/22	174	08/03/23	13986/111	308/21	1	35363/220
14393/111	3190/23	1024	16/07/25	174/22	223	22/03/23	14024/111	331/21	2	35363/220 38102/220
14398/111	3430/23	1025	16/07/25	194/22	171	08/03/23	13920/111	291/21	2	35363/220 38102/220
14381/111	3610/2023	1026	16/07/25	503/22	130	15/02/23	14043/111	333/21	2	35363/220 38102/220
14877/111	4104/2023	1027	16/07/25	451/22	218	15/03/23	14321/111	395/21	2	35363/220 38149/220
16437/111	3484/2024	1028	16/07/25	12/2024	114	28/02/24	16056/111	203/23	1	42603/220 42605/220 42607/220
14621/111	4202/2023	1069	21/07/25	354/22	286	10/04/23	13979/111	299/21	1	35363/220 38149/220
14646/111	4204/2023	1070	21/07/25	369/22	199	15/03/23	13996/111	305/21	1	35363/220 38149/220
14638/111	5010/2023	1071	21/07/25	341/22	382	05/05/23	13925/111	283/21	1	35363/220
14639/111	5067/2023	1072	21/07/25	340/22	163	27/02/23	13931/111	289/21	1	35363/220 38149/220
14647/111	5109/2023	1073	21/07/25	360/22	190	08/03/23	14007/111	318/21	1	35363/220 38149/220
14631/111	5115/2023	1074	21/07/25	345/22	165	27/02/23	14096/111	368/21	1	35363/220 38149/220
14659/111	5120/2023	1075	21/07/25	365/22	298	10/04/23	14128/111	381/21	1	35363/220 38266/220



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

	Recursos de casación			Recursos de apelación			Recursos de orixe			
Ref. Asesoría	Proced.	Sentenza Núm-Data		Proced.	Sentenza Núm-Data		Ref. Asesoría	Proced. Abreviado	XC-A Vigo	Exptes. Admvos
14653/111	5183/2023	1076	21/07/25	350/22	166	27/02/23	14118/111	378/21	1	35363/220 38266/220
14641/111	5212/2023	1077	21/07/25	355/22	210	15/03/23	13992/111	304/21	1	35363/220 38226/220
14652/111	7093/2023	1079	21/07/25	351/22	577	05/07/23	14023/111	328/21	1	35363/220 38149/220 38266/220
14556/111	7094/2023	1080	21/07/25	261/22	610	14/07/23	14117/111	386/21	2	35363/220
14648/111	7102/2023	1081	21/07/25	370/22	480	07/06/23	14017/111	322/21	1	35363/220 38149/220
14625/111	7161/2023	1082	21/07/25	346/22	576	05/07/23	13911/111	277/21	1	35363/220 38102/220
15743/111	8011/2023	1083	21/07/25	242/202 3	648	20/09/23	15324/111	353/22	2	35363/220 41386/220
16930/111	6351/2024	1084	21/07/25	133/202 4	388	23/05/24	16493/111	329/23	2	43214/220

Estas sentenzas resolven e estiman os recursos de casación promovidos polo Concello de Vigo contra as sentenzas do TSXG, sen imposición de custas. As sentenzas son firmes.

As resolucións estiman tamén o recurso de apelación interposto polo codemandado, atendendo ás dúas cuestións de interese casacional sobre as que se pronuncia. Un deles é con respecto ao prazo de prescrición dos créditos fronte ás administracións públicas locais, entendendo que tal prazo é de catro anos, e non de cinco como resolvera o TSXG.

A segunda das cuestións é a relativa ao dereito á percepción de retribucións pola prestación de servizos nocturnos ou festivos. Se se prestan fóra da xornada ordinaria de traballo por quendas non se integran na nómina como un concepto estable, e se retribuirán como plus ou gratificación, de modo que só se retribúen se se prestan, o que non alcanza ás vacacións, permisos, licencias ou situacións de incapacidade temporal.

Se o que acontece é que se dentro do réxime a quendas o servizo o ten que prestar en horario nocturno ou festivo, e forman parte esas horas nocturnas e festivas da súa xornada ordinaria, procede o abono, e isto é o que se unifica, casa e establece como doutrina. Pero sen recoñecer a estes conceptos unha identidade de seu como "complementos", como fixera o TSXG e se cuestionaba.

Este criterio, xa xeral, e especialmente incidente sobre o persoal que presta servizos mediante quendas, ten que terse en conta pola área de RRHH con carácter xeral dende este momento, e atender á súa extensión tamén ao persoal laboral municipal por atoparse a súa estrutura retributiva equiparada ao do persoal funcionario municipal.

A área de RRHH e formación debe coñecer do resolto.

19.- Contencioso.

Extensións de efectos

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Extensión de efectos da sentenza nº 77/2024, de 22 de abril do 2024, ditada no Procedemento Abreviado nº 346/2023 (SPEIS)

Ref. Asesoría	Procedemento Extensión Efectos	Auto		Imposición custas
		Núm.	Data	
18746/111	187/2025	157	07/07/25	Máx. 100 €
18745/111	184/2025	162	07/07/25	Non
18780/111	209/2025	165	07/07/25	Non
18872/111	221/2025	168	08/07/25	Máx. 100 €

Mediante estes Autos, non firmes e recorridos en apelación, acórdase a extensión de efectos da sentenza 77/2024, do 22 de abril de 2024, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Vigo no Procedemento Abreviado 346/2023, na que se recoñecía o dereito á compensación do tempo de solapamento de entrada e saída en cada quenda (corenta minutos) ou con tempo de descanso ou coas percepcións salariais correspondentes computados desde a data da pretensión.

B. Resolucións ditadas na orde xurisdiccional civil

1.- Civil. Expediente nº 14113/111

Providencia do 16 de xullo de 2025

Tribunal Supremo, Sala do Civil, Sección de Admisión

Recurso de casación e infracción procesual: 3916/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Casación – Sentenza nº 48/2023 do 03/02/2023 ditada pola Audiencia Provincial de Pontevedra, Sección 6ª, no Recurso de apelación nº 1174/2021

Obxecto do recurso de orixe: Reclamación de responsabilidade civil polos danos causados pola ocupación dunha franxa de terreo, que foi transformada en vía pública, propiedade dos demandantes (expediente nº 13158/111)

Esta resolución inadmite o recurso de casación interposto por ausencia manifesta de interese casacional, manifestado na carencia de efecto útil, ao considerar que a acción non podía prosperar ao declararse como feito probado que a porción de terreo reclamado con relación ao Camiño Longra R7, se atopa incluído no Inventario de Bens dende o ano 1993 e que é de uso público dende 1956.

Ao inadmitirse o recurso de casación, inadmítese o recurso de casación por infracción procesual interposto. Impóñense as custas á parte recorrente ao formular alegacións á inadmisión.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(714).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO EN RELACIÓN COAS «SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVICIOS SOCIAIS NO ANO 2025». EXPTE. 287092/301.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/09/2025, asinado polo asesor xurídico adxunto a Benestar Social, a xefa de Benestar Social, o xefe de Área e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión do 07.02.2025, acordou aprobar as bases reguladoras e a convocatoria das «SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVICIOS SOCIAIS NO ANO 2025» (BOPPO nº 34 do 19.02.2025; extracto da convocatoria: BOPPO nº 37 do 24.02.2025).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de posibilitar a execución de proxectos e actividades na área dos servizos sociais de Vigo por parte de entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro, dirixidos ós colectivos que na Base 2ª se relacionan: familia e infancia, maiores, persoas con discapacidade, persoas emigrantes, inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas, persoas marxinadas sen fogar e persoas toxicómanas.

I.3. De acordo coas Bases e a normativa reguladora das subvencións, estas axudas públicas outórganse de acordo cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade (Bases primeira, novena, décimo primeira e concordantes), así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, transparencia, igualdade e non discriminación (Art. 8.3 LXS e Art. 5.2 LSG).

I.4. As Bases foron integramente publicadas no BOPPO, na web municipal e no taboleiro oficial de anuncios e edictos do Concello. O prazo de presentación de solicitudes foi dun (1) mes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO n.º 37 do 24.02.2025 e rematou o 24.03.2025.

I.5. Tal como se reflicte na Acta da Comisión de Avaliación destas axudas de data 03.06.2025, durante ese prazo presentáronse un total de 58 proxectos de distintas asociacións, comprobándose o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa e realizando os requirimentos de documentación preceptivos.

Todos eles foron examinados e valorados por esa Comisión, quen propuxo a estimación duns, cos importes concretos a percibir en cada caso, e a desestimación doutros, indicando neste caso o motivo concreto da denegación con fundamento nas Bases da convocatoria.

I.6. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencións públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base reguladora undécima, a Xunta de Goberno Lo-



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

cal, na súa sesión ordinaria do 04.07.2025 acordou, por proposta da instrutora do expediente e previo informe da Comisión de Avaliación, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO: Conceder con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 a cantidade de 89.926,37€, en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2025, segundo o seguinte desglose:

Nº	EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUA CIÓN OBTIDA	IMPORTE CONCEDIDO
25	280286-301	ASOCIACION PLAN COMUNITARIO DE TEIS	*GUINDASTRES*	21	1.955,14
58	280696-301	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	MOITO POR GANAR: Modificación de hábitos e recuperación psicofísica	21	1.955,14
56	280689-301	FUNDACION IGUAL ARTE	TALLER DE JOYERÍA PARA CHICOS CON DISCAPACIDAD 2025	20	1.862,04
7	279384-301	ASOCIACIÓN PARKINSON DE VIGO	PARKINSON CANTA	19	1.768,94
34	280437-301	ASOC GALLEGA DE AFECTADOS POR VIH/SIDA	DESESTESARTE	19	1.768,94
51	280607-301	ASOCIACION DE ATENCIÓN A LA PARÁLISIS CEREBRAL Y AFINES AMENCER-ASPACE	SERVIZO DE APOIO AS FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISIS CEREBRAL E OUTRAS PATALOGIAS	19	1.768,94
57	280692-301	FUNDACION SANTA CRUZ	ESTIMULACIÓN COGNITIVA PARA LA INCLUSIÓN Y BIENESTAR	19	1.768,94
23	280190-301	ASOC DIAGNOSTICADOS DE CANCRO DE MAMA	POLO MESMO CAMIÑO 4.0! PROGRAMA DE APOIO PSICOSOCIAL PARA PERSOAS DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA	18	1.674,08
1	278717-301	ASOCIACION GALEGA DE FIBROSE QUISTICA	PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA PERSOAS CON FIBROSE QUISTICA	17	1.582,73
4	279196-301	ASOCIACIÓN GALLEGA DE HEMOFILIA (AGADHEMO)	Proxecto Escolas de Aprendizaxe para familias de nenos con hemo filia do Concello de Vigo	17	1.582,73
12	279505-301	ASOCIACION DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	PICO E CUDIA EN BEADE 2025	15	1.396,53
48	280603-301	ASOCIACION GALEGA DE LUPUS	PROXECTO DE BENESTAR PARA AS PERSOAS CON LUPUS NO CONCELLO DE VIGO	15	1.396,53

SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvención ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras aprobadas en Xunta de Goberno Local na súa sesión do 07.02.2025:

Nº	EXPT.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTUACIÓN OBTIDA	MOTIVO DESESTIMACIÓN
30	280432-301	ASOC GALLEGA DE JUGADORES ANONIMOS	Prevención e educación en condutas aditivas en nenos de 6º de primaria en Vigo	0	BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social
37	280440-301	FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	CUME-MELLORA DAS COMPETENCIAS DIXITAIS DAS PERSOAS MAIORES	0	BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social
41	280494-301	FEDERACION DE ASOCIACIONES DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA	Envellecemento Activo dirixido a persoas xordas na cidade de Vigo	0	BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social
42	280496-301	ASOC DA III IDADE NEVOX	"NA IDADE DE APRENDER A COMUNICARNOS DIXITALMENTE"	0	BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social
45	280506-301	ASOC CULTURAL GALLEGA DE FORMACION PERMANENTE DE ADULTOS	MAIORES <u>CONECTAD@S</u>	0	BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social
49	280605-301	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA	CULTIVA A MENTE E CORPO. PROGRAMA DE PREVENCIÓN DO DETERIORO COGNITIVO E FÍSICO	0	BASE 3.3 .- Proxecto que xa está a executarse na Concellería de Política Social
18	280056-301	ARNELA SOC COOP GALEGA	BENQUERER. PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO EMOCIONAL E SOCIOEDUCATIVO GRATUITO	0	BASE 6.a) Non ter a forma xurídica dunha entidade ou fundación

TERCEIRO: Publicar este acordo e os seus Anexos no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

I.7. Este Acordo da Xunta de Goberno local, que puxo fin á vía administrativa, foi debidamente notificado ós interesados nas datas que constan nos respectivos expedientes. Durante o prazo habilitado para a interposición do recurso potestativo de reposición, presentouse un por parte do representante da «ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA ALZHEIMER;)» (CIF G-36776920), co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude da Xefatura de Área de Benestar Social.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2025 (BOPPO nº 34 do 19.02.2025; extracto da convocatoria: BOPPO nº 37 do 24.02.2025).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. O recurso potestativo de reposición presentado diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 04.07.2025, desestimatorio da solicitude da «ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALICIA (AFAGA ALZHEIMER;» de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases reguladoras das «SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVICIOS SOCIAIS NO AÑO 2025».

III.2. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interponse en prazo (o acordo desestimatorio foi notificado o 10.07.2025) e forma (ppio. antiformalista: Art. 115.2 LPACAP) polo representante (Presidente) da entidade, D. Juan Carlos Rodríguez Bernárdez, DNI n.º ****7385** e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP e Base décimo terceira), solicitando a admisión do recurso e a adopción da resolución na que se declare a nulidade ou, subsidiariamente, a anulabilidade da resolución denegatoria.

ó responsable en calquera asunto que poida derivarse da relación entre as partes de acordo co presente acordo e as obrigas derivadas do convenio de colaboración.

As partes serán responsables do tratamento dos datos persoais que leven a cabo e, polo tanto, serán as exclusivas responsables das infraccións nas que poidan incorrer por incumprimento das obrigas asumidas neste acordo en materia de protección de datos ou as derivadas do convenio de colaboración.

No caso de que o procedemento de investigación dea lugar a unha sanción imposta ó responsable do tratamento por prácticas realizadas polo outro responsable, o primeiro poderá repercutir dita cantidade e solicitar unha indemnización polos danos e perdas que se lle poidan ter causado.

SÉTIMA – NOTIFICACIÓNS

Todas as notificacións requiridas para os efectos deste acordo faranse por escrito á atención e ó enderezo da persoa que figura no encabezamento do convenio de colaboración.

OITAVA. - LEXISLACIÓN E XURISDICIÓN

O presente acordo rexerase e interpretarase de acordo coa lexislación española en todo o non regulado expresamente neste documento, someténdose as partes para as controversias que poidan xurdir en relación co mesmo á competencia dos Xulgados e Tribunais competentes de acordo coa normativa procesual aplicable.

Subanexo I. Principio da información que se debe proporcionar ás partes interesadas

Primeira capa do principio de información

UNIR e o Concello de Vigo tratarán os seus datos persoais como corresponsables do tratamento co fin de coordinar a colaboración establecida entre as partes.

En calquera caso, poderá retirar calquera consentimento que xa lle fose outorgado previamente, exercer os dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679, achegando proba da súa identidade se fose necesario, así como solicitar información adicional sobre a protección de datos, de forma indistinta, ante calquera dos corresponsables do tratamento, sendo os seus datos de contacto os seguintes:

- UNIR: Avda. de la Paz, 137, 26006 Logroño (A Rioxa) ou ppd@unir.net. Tamén pode acceder a información adicional en <https://www.unir.net/privacy-policy/>.
- CONCELLO DE VIGO: Praza do Rei n.º 2. 36202 Vigo (Pontevedra) ou ofi.bensocial@vigo.org. Pode atopar información adicional sobre a protección de datos no sitio web municipal e en dpd.vigo@vigo.org

Segunda capa do principio de información en canto á corresponsabilidade do tratamento.

Informámoslle de que o tratamento dos seus datos persoais pode ser realizado conxuntamente, como corresponsables do tratamento, por UNIR e o Concello de Vigo. Os seus datos de contacto son os seguintes:

- Denominación social: UNIVERSIDAD INTERNACIONAL DE LA RIOJA, S.A.
- CIF: A-26430439.
- Dirección: Avda. de la Paz, 137. 26006 Logroño (A Rioxa).
- Contacto co Delegado de Protección de Datos: ppd@unir.net
- Denominación social: CONCELLO DE VIGO
- CIF: P-3605700H
- Dirección: Praza do Rei n.º 2, 36202 – Vigo (Pontevedra).
- Contacto co Delegado de Protección de Datos: dpd.vigo@vigo.org

As partes aquí indicadas levan a cabo as súas actividades conxuntamente, segundo sexa necesario para a correcta execución do convenio de colaboración asinado entre elas, consistente na coordinación conxunta entre UNIR e o Concello de Vigo para a colaboración en actividades de interese mútuo con significado científico e social.

Os datos persoais tratados poderán ser comunicados entre ambas institucións para a finalidade descrita. Máis alá destes casos, os datos non serán cedidos agás nos casos previstos pola lei e serán conservados durante o tempo necesario para cumprir a finalidade para a que foron recollidos e as obrigas legalmente establecidas. Así mesmo, informámoslle de que pode acceder á totalidade do Acordo de Responsabilidade Conxunta contactando cos enderezos establecidos anteriormente.

NESTE INTRE INCORPÓRASE A CONCELLEIRA SR. CARIDE ESTÉVEZ.

5(716).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE RENOVACIÓN DAS LICENZAS DO ANTIVIRUS CORPORATIVO. EXPTE. 10675/113.

Visto o informe de fiscalización do 15/09/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 11/09/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das licenzas do antivirus corporativo (10.675-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das licenzas do antivirus corporativo (10.675-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de xullo de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do mantemento das 1500 licenzas e adquisición de 200, para un total de 1700 licencias do antivirus NOD32, utilizado polo Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 11/04/2025 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 22/04/2025 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Memoria xustificativa do contrato de data 04/06/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 04/06/2025 asinado polo Xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 04/06/2025, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda do 05/06/2025.

- Informe da Xefa do Servizo de Contratación e da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos de data 10/06/2025, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación e a Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos en data 02/07/2025.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 15.972.00 €, que inclúe un I.V.E. de 2.772,00 €, dende o 1 de setembro de 2025, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVA	TOTAL
2025	Mantemento Software	9207.2279902	13.200,00 €	2.772,00 €	15.972,00 €
Total			13.200,00 €	2.772,00 €	15.972,00 €

TERCEIRO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de 47.916,00 €, que inclúe un I.V.E. de 8.316,00 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVA	TOTAL
2026	Mantemento Software	9207.2279902	13.200,00 €	2.772,00 €	15.972,00 €
2027	Mantemento Software	9207.2279902	13.200,00 €	2.772,00 €	15.972,00 €
2028	Mantemento Software	9207.2279902	13.200,00 €	2.772,00 €	15.972,00 €
Total			39.600,00 €	8.316,00 €	47.916,00 €

CUARTO.- *Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”*

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 14 de agosto adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das licenzas do antivirus corporativo (10675-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	GRG SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SLU

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRG SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), salvo a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional ao habela presentado previamente coa documentación do sobre A.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRG SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SLU, o día 18 de agosto de 2025, que presenta a documentación requirida o 26 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil e o seu obxecto social, así como o nomeamento do seu representante.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Solicitude de retención no prezo do importe da garantía definitiva (2.625,00 €).

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo e a ATRIGA e, presentados xunto coa documentación do sobre A, a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional e os certificados positivos de débedas da AEAT e a TXSS.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 11 de setembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GRG SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SLU, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GRG SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SLU, conforme co acordo da Mesa de Contratación, de data 18 de agosto de 2025, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GRG SOLUCIONES INFORMÁTICAS, SLU o procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das licenzas do antivirus corporativo (10.675-113) por un prezo total do contrato de 63.525,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 11.025,00 euros.”

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(717).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SUPERVISIÓN DO FUNCIONAMENTO DA VENDA AMBULANTE NOS MERCADOS E OUTROS EVENTOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 10815/106.

Visto o informe de fiscalización do 15/09/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 11/09/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercados e outros eventos no termo municipal de Vigo (10.815-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercados e outros eventos no termo municipal de Vigo (10.815-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercadillos e outros eventos no termo municipal de Vigo, cun orzamento base de licitación máis IVE de SESENTA E UN MIL CENTO NOVENTA E OITO EUROS con DOUS CÉNTIMOS (61.198,02 €), segundo a seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADE	Total (€)
2025	19.060,82 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

2026	30.553,60
2027	11.583,60 €
TOTAL	61.198,02 €

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo enxeñeiro técnico en topografía e polo xefe da Área de Servizos Xerais os días 18 e 19.02.2025, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 20.05.2025.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 19.060,82 € con cargo a aplicación orzamentaria 4313 2279900 "CONTROL DOS MERCADOS DE COIA, BOUZAS E OUTROS" e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 4313 2279900 "CONTROL DOS MERCADOS DE COIA, BOUZAS E OUTROS", crédito por importe de 30.553,60 € e 11.583,60 € respectivamente.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 14 de agosto de 2025 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercados e outros eventos no termo municipal de Vigo (10815-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	GALCANIX, SL	90,00
2	BTB SOLVE, SL	34,29

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALCANIX, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GALCANIX, SL, o día 18 de agosto de 2025, que presenta a documentación requirida os días 22 e 25 do mesmo mes, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público no que figura a constitución da mercantil, o obxecto social e o nomeamento do seu representante.
- A escritura de constitución da licitadora e os estatutos xunto coa escritura de cambio de representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (21.419,31 €), presentan as contas do ano 2023 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (21.419,31 €), presentan relación de traballos e facturas de entidades privadas nas que a suma dos importes do ano 2024 supera esta cantidade.
- Solicitude de retención no prezo do importe da garantía definitiva (2.528,84 €).

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 11 de setembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GALCANIX, SL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GALCANIX, SL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 4 e 13 de agosto de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GALCANIX, SL o procedemento aberto para a contratación do servizo de supervisión do funcionamento da venda ambulante nos mercados e outros eventos no termo municipal de Vigo (10.815-106) por un prezo total do contrato de 61.198,02 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.621,14 euros, e coas seguintes condicións:

- a) A porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios do custo-hora laboral e festiva diúrna recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 24,99 %*
- b) O incremento de horas sen custo adicional é o seguinte:*
 - Incremento das horas laborais diúrnas: 50 horas adicionais*
 - Incremento das horas festivas diúrnas: 50 horas adicionais*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(718).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AVENIDA GARCÍA BARBÓN E ACCESO INFRAESTRUTURA VIGO VERTICAL HALO NO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 2210/441.

Visto o informe de fiscalización do 15/09/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o 11/09/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Serafín Avendaño, entre Avenida García Barbón e acceso infraestrutura Vigo Vertical Halo no Concello de Vigo” (2.210-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Serafín Avendaño, entre Avenida García Barbón e acceso infraestrutura Vigo Vertical Halo no Concello de Vigo” (2.210-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de maio de 2025 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA SERAFÍN AVENDAÑO, ENTRE AVENIDA GARCÍA BARBÓN E ACCESO INFRAESTRUTURA VIGO VERTICAL HALO NO CONCELLO DE VIGO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Miguel Sacristán Montesinos.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos os días 08 e 09.04.2025.

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532.6190041 - proxecto de gasto 24153241 (Humanización S.Avendaño) - crédito provinte da incorporación de remanentes-, segundo a distribución de anualidades proposta:

2025	1.765.032,53 €
------	----------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 13 de xuño de 2025), o 22 de agosto de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Serafín Avendaño, entre Avenida García Barbón e acceso infraestrutura Vigo Vertical Halo no Concello de Vigo” (2210-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadora	Puntuación total
1	ORECO BALGON, SA	95,06
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	94,68



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

	Licitadora	Puntuación total
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, SL	93,69
4	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, SL	92,26
5	AVAN INTEGRAL, SL	84,68
6	NAROM, SL	84,29
7	UTE CITANIAS (50 %) - FECHI (50 %)	83,16

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.5 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO BALGON, SA, o día 25 de agosto de 2025, que presenta a documentación requirida o 4 de setembro de 2025, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- O certificado de inscrición do licitador no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura a constitución da mercantil e o seu obxecto social, o nomeamento do seu representante e a súa clasificación, xunto cos certificados positivos de débedas da AEAT, a TXSS e a ATRIGA.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira e da solvencia técnica e profesional, tendo en conta que neste procedemento existe clasificación obrigatoria (G-6-4) presentan a clasificación G-6-4.
- Seguro de caución por un importe de 66.312,71 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débeda do Concello de Vigo.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 11 de setembro de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e,

sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ORECO BALGON, SA, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ORECO BALGON, SA, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 7 e 18 de agosto de 2025, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ORECO BALGON, SA o procedemento aberto para a contratación das obras de “Humanización da rúa Serafín Avendaño, entre Avenida García Barbón e acceso infraestrutura Vigo Vertical Halo no Concello de Vigo” (2.210-441) por un prezo total do contrato de 1.604.767,58 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 278.513,38 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

8(719).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN Á REAL FEDERACIÓN GALLEGA DE FÚTBOL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO “COPA VIGO DE FÚTBOL 2025”. EXPTE. 24945/333.

Visto o informe xurídico do 07/08/2025 e o informe de fiscalización do 12/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/08/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 18.07.25, Pablo Javier Prieto Perille, en n/r da entidade FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención por importe de 6.000,00 € para a organización na cidade de Vigo da Copa Vigo de Fútbol.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 6.000,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento equilibrado de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Certificado titularidade conta bancaria.
- CIF da entidade, DNI do representante legal e estatutos da entidade.
- Certificado de composición da Xunta directiva.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acolledora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso, o desenvolvemento na cidade da Copa Vigo de Fútbol ten unha transcendencia moi relevante no ámbito do fútbol galego.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a fomentar o deporte de alto nivel.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións, ou coa propia dinámica competitiva.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística nun estrato de poboación moi concreto, creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio e espectáculo deportivo, colaborando no desenvolvemento de programas e eventos de promoción deportiva, entre outras cuestións.

Segundo.- **○** carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade do proxecto. Esta subvención, ademais, consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.4800012 no orzamento da Concellería de deportes do ano 2025.

Terceiro.- **○** interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de máximo nivel de participación na cidade de Vigo, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e un relevante nivel deportivo da competición, coa participación dós es dás mellores equipos da modalidade no ámbito de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos da cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Estes datos identifican claramente a envergadura do proxecto, cunha repercusión importante e coa presenza dos e das mellores deportistas non profesionais da modalidade.

Esta competición serve de escaparate para a cidade, promovendo obxectivos en liña cos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade do deporte”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
 - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
 - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
 - Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
 - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
 - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
 - Participación en grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
 - Consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que este proxecto deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, a proposta de subvención consta nominativamente no orzamento da Concellería de deportes do ano 2024, polo que consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizarase a través dunha resolución que se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 6.000,00€ á entidade Federación Galega de Fútbol (CIF G15055890) pola organización da Copa Vigo de Fútbol 2025 a través dunha resolución cuxas condicións, anexas no presente expediente, se someten a aprobación.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 6.000,00€ para subvencionar á Federación Galega de Fútbol (CIF G15055890) polo desenvolvemento do proxecto deportivo Copa Vigo de Fútbol, segundo resulta da documentación do expediente nº 24945-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800012 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO “COOPA VIGO DE FÚTBOL 2025” (Expte. 24945-333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, na súa calidade de segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Pablo Javier Prieto Perille como presidente da entidade Real Federación Galega de Fútbol CIF: (CIF G15055890) e enderezo social en Juan de Ciorraga Nº 1-3, C.P.: 15008, A Coruña, e na representación da mesma, segundo resulta da documentación que figura no expediente núm. 24945-333.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O obxecto deste convenio é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento do proxecto de organización do proxecto deportivo Copa Vigo de Fútbol 2025.

A Real Federación Galega de Fútbol propón a celebración na cidade de Vigo da Copa Vigo de Fútbol, unha importante competición que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, no centro de atención do fútbol na cidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

II.- Que a entidade Real Federación Galega de Fútbol organizará, a Copa Vigo de Fútbol na cidade de Vigo, de gran e espectacularidade e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.- Que esta entidade se atopa en condicións de organizar a presente edición da Copa Vigo de Fútbol na cidade de Vigo conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, presentados pola entidade organizadora.

IV.- O Concello de Vigo está a potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións de deporte de alto nivel na cidade. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores.

V.- Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

VI.- Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

VII.- Que o carácter deportivo se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VIII.-

IX.-

X.- Que a Real Federación Galega de fútbol non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 24945-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita a celebración da Copa Vigo de Fútbol o CONCELLO e a Real Federación Galega de Fútbol conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Real Federación Galega de Fútbol comprométese a organizar a Copa Vigo de Fútbol na Cidade de Vigo asumindo a responsabilidade única na organización e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin e cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto. As súas responsabilidades incluírán:

1º.- Organizar a Copa Vigo de Fútbol achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo deste expediente e asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

2º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

3º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

4º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo.

5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

6º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

7º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

8º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

9º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación da subvención.

10º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

11º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da Copa Vigo de Fútbol (revista, web, etc).

2º.- Conceder directamente á Real Federación Galega de Fútbol unha subvención por importe de 6.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4800012 e á súa bolsa de vinculación do orzamento en vigor e a súa bolsa de vinculación mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento deportivo Copa Vigo de Fútbol. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo e ata o 15 de novembro de 2025.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documentación para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025. O pagamento do importe da subvención realizarase, por transferencia bancaria, á conta corrente facilitada pola entidade Real Federación Galega de Fútbol da que é titular.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Oitavo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2025 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria Real Federación Galega de Fútbol está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

- a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Noveno.- No caso de que a Real Federación Galega de Fútbol se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo Copa Vigo de Fútbol.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente

relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

Décimo sétimo.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo noveno - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Vixésimo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

Vixésimo primeiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura dixital

O Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. F. Javier Pardo Espiñeira (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

O Presidente da Real Federación Galega de Fútbol. Pablo Javier Prieto Perille

9(720).- SOLICITUDE Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE DE AXUDAS PARA O FUNCIONAMENTO E GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3. EXPTE. 99284/332.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/09/2025, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

No Diario Oficial de Galicia nº 165, do 29 de agosto de 2025, publicáronse a Orde da Consellería de Política Social e Xuventude do 18 de agosto de 2025 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2025/26, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento BS420D), así como o Extracto da devandita Orde.

Estas axudas van dirixidas ao sostemento dos centros de educación infantil 0-3 anos existentes e constan de dúas liñas: a liña 1, que financiará gastos de mantemento, e a liña 2, que compensará a aplicación dunha bonificación do 100% do prezo correspondente á atención educativa e matrícula, de ser o caso, das prazas ocupadas polo alumnado de 0-3 anos.

O Concello de Vigo podería solicitar estas axudas, en relación ás nove escolas da Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM): EIM Santa Cristina – Lavadores, EIM Atalaia – Teis, EIM Costeira – Saiáns, EIM Bouzas, EIM Tomás Alonso, EIM Mestres Goldar – Castrelos, EIM Navia, EIM Bembrive e EIM Praza da Industria.

A solicitude desta axuda non supón un novo gasto para o Concello de Vigo por canto a xestión das Escolas Infantís Municipais lévase a cabo mediante contratos de servizo con empresas xestoras, polo que o custe deste servizo está comprometido nos correspondentes expedientes de contratación. En base a isto non é necesario o envío deste expediente á fiscalización pola Intervención Municipal, servizo ao que, de ser o caso, se dará conta da resolución de concesión da axuda.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co Decreto do Alcalde de Delegacións do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2023 (publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 124 de data 28 de xuño de 2023).

Á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

Solicitar á Consellería de Política Social e Xuventude as axudas tanto para a liña 1 polos gastos de funcionamento das nove Escolas Infantís Municipais como para a liña 2 polo 100% do prezo da atención educativa e matrícula para o alumnado destas nove escolas para o curso 2025/26, conforme á Orde da Consellería de Política Social e Xuventude do 18 de agosto de 2025 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o funcionamento e gratuidade das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia de titularidade municipal para o curso 2025/26.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(721).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE ALARMA CONTRA ROUBO E INTRUSIÓN, CONEXIÓN Á CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS E SERVIZO DE CUSTODIA DE CHAVES E ACUDA. EXPTE. 98839/332.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 16/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/09/2025, asinado pola xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de 4 de abril de 2025, a concelleira da Área de Goberno de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior dos servizos de seguridade dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 04/04/2025.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 04/04/2025, pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Declaración dos redactores do PPT, asinada pola xefa do Servizo de Educación e polo arquitecto técnico aparellador de data 26/06/2025.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) de data 26/06/2025, con dous anexos, redactado pola xefa do Servizo de Educación e polo arquitecto técnico aparellador.
- Anuncio previo na Plataforma de Contratación do Sector Público, de data 31/07/2025, no que se solicita publicación no Diario Oficial da Unión Europea.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda de data 12/08/2025 rectificada o 09/09/2025.

- Documento contable RCFUT 12025000105138, por importe de 213.475,62 euros, de data 18/08/2025.
- Memoria Xustificativa asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación de data 09/09/2025.
- Informe de 05/09/2025 da xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 11/09/2025 redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Prestación do servizo de vixilancia mediante sistema de alarmas antirroubo e intrusión conectadas a Central Receptora de Alarmas (CRA), o mantemento integral tanto preventivo como correctivo dos equipos de seguridade contra roubo e intrusión e o servizo de custodia de chaves e acuda nos Colexios Públicos de Educación Infantil e Educación Primaria, Escolas Municipais e outros edificios dependentes do Servizo de Educación. Os centros e número de alarmas relaciónanse no Anexo do PPT.

Duración: A duración estimada do contrato será por un período de 3 (tres) anos e dúas posibles prórrogas, cunha duración dun (1) ano cada unha delas.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 71.158,54 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230.227.9901 “Central de alarmas” e bolsa de vinculación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e Acuda.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de data 26/06/2025 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 11/09/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e Acuda.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 213.475,62 euros (176.426,13 euros máis 37.049,49 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), para a contratación dos servizos de seguridade dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación, con cargo ás aplicacións orzamentarias 3230.227.9901 (Central de alarmas), e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL, do xeito seguinte:

- 68.193,60 euros correspondentes ao ano 2026;
- 71.158,54 euros correspondentes ao ano 2027;
- 71.158,54 euros correspondentes ao ano 2028;
- e 2.964,94 euros correspondentes ao ano 2029.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(722).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE “SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO 2025”. EXPTE. 21375/77.

Visto o informe de fiscalización do 09/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 22/07/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 28 de febreiro de 2025 aprobouse a “Bases reguladoras e convocatoria das **SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO MEDIANTE PROXECTOS RELACIONADOS COA INVESTIGACIÓN, A INNOVACIÓN E O EMPREGO**”.

Ditas bases foron publicadas no BOPPO núm. 47, do 11 de marzo de 2025 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS foi publicado no BOPPO no seu número 64 de data 03/04/2025 así como na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org), promovéndose a concorrência de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á publicación do extracto no BOPPO (dende o 04/04/2025 ao 21/04/2025, ámbolos dous inclusive, da que resultou a presentación de catro (4) solicitudes:

EXPTE.	CIF	ENTIDADE	Data de Rexistro da solicitude
21525-77	G27745397	FUNDAMAR	08/04/25
21526-77	G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	14/04/25
21531-77	G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	19/04/25
21532-77	G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	19/04/25

Todas estas entidades están inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións:

EXPTE.	CIF	ENTIDADE	REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS	DATA INSCRIPCIÓN	EPÍGRAFE
21525-77	G27745397	FUNDAMAR	1271-16	12/05/16	9.1
21526-77	G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	1418-22	20/05/22	2.1
21531-77	G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	1438-23	07/09/23	4.3
21532-77	G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	1277-16	07/06/16	4.3

Conforme á documentación existente no servizo, procédese a revisar os expedientes coas seguintes conclusións:

1.- Preavaliación das solicitudes

Unha vez revisadas as solicitudes de subvención, co obxecto de verificar o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiarias, segundo o indicado na Base 10ª, decídese ESTIMAR as catro solicitudes presentadas polas entidades: Asociación Clean Energy Ship UVIGO (G09819533), Asociación Estudiantil Uvigo Motorsport (G27809425), Fundación PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO - FUNDAMAR (G27745397) e Asociación tecnolóxica A Industriosa (G27846609), xa que, conforme á documentación existente no servizo, despréndese que cumpren cos requisitos establecidos aos solicitantes nas bases da convocatoria para resultar beneficiarios da subvención.

2.- Avaliación das solicitudes.

As puntuacións máximas que se estableceron nesta comisión para a avaliación das solicitudes presentadas e admitidas son, conforme ao disposto na Base Novena, son as que a continuación se indican:

1. Calidade e viabilidade técnica e económica do proxecto (ata 20 puntos):

a-1: Corresponde ao apartado 1.a) Que sexan capaces de xerar grupos de innovación na actividade económica de Vigo e o seu entorno, ou programas estables de innovación e investigación fronte a accións puntuais. 9 puntos.

a-2: Corresponde ao apartado 1.a) Que se baseen na análise das necesidades existentes no entorno económico laboral e, que teñan viabilidade técnica. 6 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

a-3: Corresponde ao apartado 1.a) Colaboración, coordinación e concertación dos proxectos con outras entidades asociativas e aposta pola promoción de alianzas e do traballo en rede. 5 puntos.

A puntuación do apartado “áreas económicas relacionadas co proxecto” é a que se establece na mesma Base Novena no seu apartado 2, isto é:

2. Áreas económicas relacionadas co proxecto:

a) Tecnoloxías de comunicación	5 puntos
b) Automoción	5 puntos
c) Industria naval	5 puntos
d) Enerxías renovables	5 puntos
e) Biotecnoloxía	4 puntos
f) Outras áreas e/ou sectores	2 puntos

3. Uso da lingua galega no proxecto. 5 puntos.

4. Nº de persoas contratadas con cargo a esta subvención:

a) 1 punto por cada contrato.

5. Número de persoas participantes no proxecto:

Entre 1 – 5 persoas: 1 punto

Entre 6 – 10 persoas: 2 puntos

Entre 10 – 15 persoas: 3 puntos

Entre 15 – 20 persoas: 4 puntos

Máis de 20 persoas: 5 puntos

E as puntuacións obtidas polas entidades admitidas no proceso de baremación nesta convocatoria de subvencións son:

			BAREMO PUNTUACIÓNS BASE 9º SUBVENCIONS PROX. INNOVACIÓN, INVESTIGACIÓN E EMPREGO 2025							
EXPTE.	CIF	ENTIDADE	1. Calidade/ viabilidade Técnica (máx. 20)			2. Área económica	3. Uso lingua galega no proxecto	Nº persoas Contratadas	Nº persoas Participantes	TOTAL
			a-1	a-2	a-3					
21525-77	G27745397	FUNDAMAR	9	6	5	2	5	0		28
21526-77	G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	9	6	5	5	5	0		35
21531-77	G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	9	6	5	5	5	0		35
21532-77	G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	9	6	5	5	5	0		35

3.- A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades.

A distribución económica unha vez avaliadas as solicitudes das entidades resulta como se indica na seguinte táboa:

Nº expdte.	CIF	ENTIDADE	Cantidade Solicitada	Puntos	Cantidade asignada 1º reparto	Cantidade asignada 2º reparto	Total 2º reparto	Cantidade asignada 3º reparto	TOTAL CONCEDIDO	% concedido
21525-77	G27745397	FUNDAMAR	8.618,83 €	28	8.421,05	2.007,52	8.618,83 €	0,00	8.618,83 €	100,00 %
21526-77	G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	14.940,00 €	35	10.526,32	2.509,40	13.035,71 €	904,87	13.940,59 €	93,31 %
21531-77	G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	3.500,00 €	35	3.500,00	0,00	3.500,00 €	0,00	3.500,00 €	100,00 %
21532-77	G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	15.000,00 €	35	10.526,32	2.509,40	13.035,71 €	904,87	13.940,59 €	92,94 %
Totais			42.058,83	133	32.973,68	7.026,32	38.190,26 €	1.809,74 €	40.000,00 €	

Valor punto 1º reparto: 300,75 €
 Resto para 2º reparto: 7.026,32 €
 Valor punto 2º reparto: 71,70 €
 Resto para 3º reparto: 1.809,74 €
 Valor punto 3º reparto: 25,85 €

Da contía total destinada a estas axudas(40.000,00 €), no primeiro reparto para as entidades A a. Clean Energy Ship Uvigo debe minorarse a cantidade asignada en función da puntuación obtida no proceso de baremación xa que excedía o importe solicitado por cada unha delas. Ao minorarse o importe correspondente por baremación a esta entidade, quedan sen repartir 7.026,32€, que se volven repartir nunha segunda rolda proporcionalmente aos puntos obtidos por baremación das tres entidades que non alcanzaron o máximo subvencionable (e solicitado). Neste 2º reparto Fundamar alcanza o máximo solicitado polo que sobran 1.809,74€ para un terceiro reparto entre as entidades A. Tecnolóxica A Industriosa e A.E. Uvigo Motorsport. Neste último reparto, xa quedan asignadas as cantidades concedidas a cada unha das entidades solicitantes e admitidas, esgotándose os 40.000,00€ desta convocatoria de subvencións.

4.- Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, conforme ao establecido na Base 11.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración fai constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

...



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

De conformidade co anteriormente exposto e nos termos do establecido na DÉCIMO PRIMEIRA das bases reguladoras do procedemento:

No apartado 5, indica que as solicitudes avaliaranse con arreglo á documentación achegada, no seu caso, aos informes emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Novena, deixando constancia en acta do resultado da avaliación debidamente motivada.

No apartado 6, especifícase que unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, o órgano colexiado remitirá a acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluírá unha relación na que se indicarán todas as entidades solicitantes que participan na convocatoria co NIF, nome, nº de expediente, puntuación obtida, estimación da súa solicitude ou desestimación (con indicación do/s motivo/s polo/s que se lle denega), e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **tres meses** contados a partir da publicación desta convocatoria. A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s; desistimento que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando conclusos o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

No apartado 7, establécese que a resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen **dez días naturais** desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

En canto ao apartado 8, establécese que todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

No apartado 9, indícase que o vencemento do prazo máximo sen terse ditado e notificado a resolución expresa, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) da LPAC.

No apartado 10 figura que contra a resolución administrativa que aprobe as presentes bases e as resolucións que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesmo, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou desestimación do recurso de reposición.

Finalmente, no apartado 11, indícase que a beneficiaria poderá renunciar, expresamente, á subvención concedida; renuncia que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente, de conformidade co artigo 94 da LPAC. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Emprego no vindeiro exercicio orzamentario.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

A teor do previsto nas bases reguladoras da subvención, dos artigos 24.3.b) da LPAC e 25 da LXS e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 28/06/2024, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: CONCEDER, de conformidade cos artigos 24.3.b) da LPAC e 25 da LXS, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida orzamentaria 2410 4800008 “Axudas desenvolvemento de proxectos investigación relacionados coa innovación” do vixente exercicio orzamentario, pola contía total que se reflicte a seguir:

Nº expdte.	CIF	ENTIDADE	IMPORTE SUBVENCIÓN CONCEDIDA
21525-77	G27745397	FUNDAMAR	8.618,83 €
21526-77	G27846609	A. TECNOLÓXICA A INDUSTRIOSA	13.940,59 €
21531-77	G09819533	A. CLEAN ENERGY SHIP UVIGO	3.500,00 €
21532-77	G27809425	A.E. UVIGO MOTORSPORT	13.940,59 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

SEGUNDO: PUBLICAR na Base de Datos Nacional de Subvencións todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado.

TERCEIRO: NOTIFICAR o presente acordo nos termos establecidos nos art. 26 da LXS, art. 40 e 41 da LPAC e Base reguladora 12^a.7, onde se indica que a resolución do procedemento notificarase electronicamente ás entidades solicitantes a través da sede electrónica. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono.

A resolución do procedemento será obxecto de publicación para xeral coñecemento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(723).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO E PRODUCCIÓN DE 5 CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS 2026. EXPTE. 10495/335.

Visto o informe xurídico do 11/09/2025 e o informe de fiscalización do 15/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/09/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución do 11 de agosto de 2025, a Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente de contratación do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2026.

Segundo.- No expediente tramitado para o efecto consta a seguinte documentación:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), xunto coa resolución da concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 11 de agosto de 2025.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2025, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 27 de decembro de 2024 e publicado no perfil de contratante.
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 14 de agosto de 2025.
- Declaración da redactora do prego de prescricións técnicas particulares, de data 14 de agosto de 2025.
- Memoria económica, de data 12 de agosto de 2025, conformada polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda.
- Certificado de retención de crédito de data 13 de agosto de 2025 (operacións nº 12025000098252 e 12025000098253).
- Memoria xustificativa de data 14 de agosto de 2025.
- Prego de cláusulas administrativas particulares de data 10 de setembro de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo órgano de contratación.

Nos municipios de grande poboación aos que se refire o artigo 121 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, a disposición adicional 2ª da LCSP sinala no seu apartado 4º que o órgano de contratación será a Xunta de Goberno local. No Concello de Vigo esta competencia de iniciación dos expedientes de contratación está delegada por acordo da Xunta do Goberno local do 22 de xuño do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

2023 e posteriores modificacións, nos concelleiros da Área (BOPPO núm. 134 de 10 de xullo do 2024, última modificación vixente).

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 LCSP, o prego de prescricións técnicas particulares asinado pola xefa do Servizo de Festas e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto, por canto, de acordo co artigo 156 LCSP, garante a libre concorrência.

Cuarto.- Con carácter previo á aprobación do expediente, emitirase informe preceptivo da titular da Asesoría Xurídica (disposición adicional 3ª.8 LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

Quinto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª.4 LCSP). A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

PROPOSTA

Por todo o exposto, e previo informe xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP, e o documento contable, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte ACORDO:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo de deseño e produción das carrozas municipais para a Cabalgata de Reis 2026 (10495-335).

Segundo: Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares do 14 de agosto de 2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas, e o prego de cláusulas administrativas particulares do 10 de setembro de 2025, asinado pola xefa da Área de Contratación Novos Proxectos.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe do orzamento base de licitación 109.665,30 €, euros, sendo o valor estimado do contrato de 90.632,48 € euros, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

- *Ano 2025: 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis): 76.765,71 € (70% do importe do prezo de contrato) con cargo á bolsa de vinculación*
- *Ano 2026: 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis): 32.899,59 € (30% do importe do prezo de contrato)*

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(724).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROGRAMA DE CONTROIS PREVENTIVOS DE ALCOHOL E DROGAS NA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 72/2125.

Visto o informe xurídico de data 11/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/08/2025, asinado polo intendente da Policía Local e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primero.- A Xefatura do Corpo da Policía Local de Vigo, con data 7 de xullo de 2025, propuxo á Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal a necesidade da implantación dun programa de controis preventivos de alcohol e drogas na cidade de Vigo. Esta necesidade formalizouse a través do inicio do expediente electrónico nº 72/2125, co obxectivo de realizar os trámites necesarios para a súa aprobación. A proposta foi asinada favorablemente polo Intendente Xefe da Policía Local e pola Concelleira da área competente.

Segundo.- No marco deste expediente, elaborouse o preceptivo **informe técnico** asinado polo Intendente Xefe da Policía Local con data 24 de xullo de 2025, tendo presente os seguintes obxetivos de:

- Reducir a sinistralidade viaria asociada ao consumo de alcohol e drogas
- Promover unha condución responsable e segura entre a cidadanía.
- Cumprir cos obxectivos establecidos pola DGT no marco da Axenda 2030.
- Reforzar a presenza e visibilidade da Policía Local como elemento disuasorio

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- I. A implantación destes controis preventivos non só está avalada normativamente, senón tamén motivada pola gravidade dos datos achegados polas estatísticas oficiais. Segundo a DGT:
 - En 2024 rexistráronse 1.154 falecementos por sinistros en vías interurbanas.
 - O 29% destes casos estaban relacionados co consumo de alcohol.
 - Máis do 33% dos condutores falecidos con proba practicada deron positivo en alcohol, drogas ou psicofármacos.
 - No 66% dos positivos superábanse amplamente os límites legais.

Estes datos evidencian que o consumo de substancias ao volante é unha das principais causas de morte en estrada, especialmente entre a poboación nova e nas contornas de ocio nocturno. A Estratexia Española de Seguridade Viaria 2030 establece como meta a redución á metade da mortalidade na próxima década, sinalando como prioridade estratéxica o reforzo dos controis preventivos.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

- II. En 2015, a ONU adoptou a Axenda 2030 sobre o Desenvolvemento Sostible, que inclúe a seguridade viaria como un aspecto crucial. Esta axenda, cos seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e 169 metas, busca transformar o mundo cara a un futuro máis inclusivo, próspero e sostible para todos. A seguridade viaria é unha compoñente clave da Axenda 2030, abordada especialmente no ODS 3 (Saúde e Benestar) e meta 3.6, que busca reducir á metade as mortes e lesións causadas por accidentes de tráfico para 2030

Estes datos evidencian que o consumo de sustancias ao volante é unha das principais causas de morte en estrada, especialmente entre a poboación nova e en contornas de ocio nocturno. Ademais, a Estratexia Española de Seguridade Viaria 2030 establece como meta reducir á metade o número de vítimas mortais na próxima década, destacando como prioridade estratéxica os controis preventivos.

- III. En virtude do artigo 149.1.21 da Constitución Española, o Estado ten competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor. Sen prexuízo diso, os municipios tamén ostentan, en virtude do principio de autonomía local e do artigo 25.2 g) e j) da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local, a competencia para ordenar e controlar o tráfico nas vías urbanas da súa titularidade.

- IV. As actuacións da Policía Local apóianse nos artigos 7 do RDL 6/2015 e 53 da Lei 4/2007 de Coordinación de Policías Locais de Galicia. Complementariamente, o artigo 21.d) do Regulamento Xeral de Circulación (RD 1428/2003) autoriza os axentes a practicar controis de alcoholemia sempre que se realicen dentro dun programa formalmente establecido pola autoridade competente. O artigo 28 do mesmo texto establece os supostos habilitantes para a práctica das probas. O artigo 14 do RDL 6/2015 obriga os condutores a someterse a estas probas cando lles sexan legalmente requiridas. A Instrución 12/TV-73 da DGT establece criterios técnicos e operativos e recomenda coordinación entre corpos e o uso de datos obxectivos.

- V. A Sentenza 254/2024 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo subliña que **a práctica de probas fóra de controis formalmente programados e sen motivación escrita pode considerarse arbitraria.**

- VI. A Sentenza 40/2024 do Tribunal Constitucional reforza esta idea, lembrando que a ausencia de cobertura legal ou de axuste razoable pode vulnerar dereitos fundamentais como a presunción de inocencia ou a liberdade de circulación.

- VII. A implantación do presente plan **non supón un incremento do gasto** municipal, xa que os controis veñen realizándose de maneira habitual por parte da Policía Local. O que se pretende é dotar a estes dispositivos de maior seguridade xurídica, eficacia e transparencia.

VIII. De acordo co Decreto de Delegacións da Alcaldía, asinado o 20 de xuño de 2023, no punto segundo atribúese á Xunta de Goberno Local a aprobación de programas, plans, proxectos ou servizos de competencia municipal.

En virtude do exposto, considérase plenamente xustificada a formalización do programa de controis preventivos de alcohol e drogas, motivo polo que se solicita á concelleira da área de Goberno de Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o programa de controis preventivos de alcohol e drogas para a cidade de Vigo, según se recolle no anexo.

SEGUNDO.- Proceder á publicación do programa no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas legais de publicidade institucional.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

PROGRAMA MUNICIPAL DE CONTROIS PREVENTIVOS DE ALCOHOL E DROGAS POLA POLICÍA LOCAL DE VIGO

I. OBXECTO E FINALIDADE DO PROGRAMA

O obxectivo principal é establecer un marco normativo, operativo e xurídico que proporcione seguridade ás actuacións policiais destinadas a detectar e previr a condución baixo os efectos de alcohol ou drogas. As intervencións desenvolvidas pola Policía Local de Vigo, no ámbito da súa competencia en seguridade viaria e tráfico urbano (art. 7 da Lei de Tráfico e art. 53 da Lei 4/2007 de Coordinación de Policías Locais de Galicia), deben contar con respaldo legal explícito.

A iniciativa pretende garantir:

- A protección xurídica das actuacións policiais para evitar que sexan anuladas por ausencia de motivación ou cobertura normativa.
- A eficacia preventiva e pedagóxica da presenza policial nos controis de tráfico.
- A adecuación das actuacións aos principios de proporcionalidade, legalidade, transparencia e respecto aos dereitos fundamentais.

En definitiva, búscase garantir que os controis realizados sexan eficaces, proporcionados, legais e transparentes, aliñados cos principios da seguridade viaria e os dereitos fundamentais.

II. ÁMBITO DE APLICACIÓN E PLANIFICACIÓN OPERATIVA

Este plan de acción define as directrices estratéxicas e operativas para combater a condución baixo os efectos do alcohol e das drogas e aplicarse ao conxunto do termo municipal de



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

Vigo, incluíndo vías urbanas, zonas industriais, áreas de ocio nocturno, contornos de eventos públicos e accesos principais.

A planificación operativa estará a cargo da Xefatura da Policía Local, que deberá:

- Identificar zonas e períodos de maior risco segundo datos históricos.
- Programar controis visibles e estratéxicos, sen anticipar os puntos concretos para preservar o seu efecto disuasorio.
- Organizar campañas especiais en datas como Nadal, verán, San Xoán, Semana Santa, etc.
- Asegurar a rotación dos puntos e horarios para abarcar diferentes franxas e perfís de risco.

As medidas aplicadas incluírán:

- **Controis aleatorios e sistemáticos**, tanto en puntos fixos como móbiles.
- **Probas mediante etilómetros e test salivais**, seguindo protocolos homologados.
- **Inmovilización do vehículo** ou **retirada mediante grúa** en caso de positivo ou negativa.
- **Colaboración con outros corpos**, especialmente durante campañas conxuntas da DGT.
- **Información pública e campañas educativas**, que acompañen a presenza operativa con mensaxes de concienciación.

III. TIPOLOXÍA DE CONTROIS

Os dispositivos artéllanse en tres modalidades: :

- **Controis preventivos estáticos**: situados en puntos estratéxicos e visibles, como rotondas, saídas de festas ou zonas costeiras no verán.
- **Controis dinámicos**: patrullas móbiles que realizan controis de forma aleatoria en movemento, especialmente en horario nocturno.
- **Controis combinados**: dispositivos que inclúen ademais revisión de documentación, ITV, estado do vehículo, uso do cinto, etc., co fin de optimizar recursos.

IV. MEDIOS MATERIAS E HUMANOS

Medios Materiais nos Controis Preventivos en Vigo

A dotación material é un elemento fundamental para asegurar a **eficacia, seguridade e a cobertura legal** dos controis preventivos de alcohol e drogas que leva a cabo a Policía Local de Vigo.

Contar coa dotación axeitada destes recursos permite que as intervencións se desenvolvan seguindo os protocolos establecidos, garantindo a **protección tanto dos axentes como da cidadanía**, e facilitando o **rexistro e a trazabilidade** de todas as actuacións.

A selección e disposición destes medios adaptárase sempre ás características específicas de cada operativo, tendo en conta factores como a **localización, o volume de tráfico e o nivel de risco** asociado, ademais de seguir as recomendacións técnicas das autoridades competentes en materia de seguridade viaria.

Disposición dos medios Materiais:

- **Etilómetros e alcoholímetros homologados**, con subministro suficiente de boquillas desbotables.
- **Equipos de detección de drogas (drogotest)** de última xeración, con kits salivais individuais.
- **Furgón de atestados** equipado para a realización de probas e a custodia de detidos.
- **Vehículos patrulla** para o desprazamento e sinalización dos controis.
- **Tetrapodes e sinais portátiles de advertencia** para delimitar e sinalizar a zona de control.
- **Banda redutora de velocidade** para asegurar a aproximación segura dos vehículos.
- **Lanternas, chalecos reflectantes e conos luminosos** para garantir a visibilidade e seguridade dos axentes e usuarios.
- **Material de documentación**: actas, partes de servizo e dispositivos electrónicos para o rexistro inmediato das actuacións.
- **Guindastre municipal** dispoñible para a retirada de vehículos inmovilizados

O equipamento profesional axustarase á normativa vixente e ás recomendacións técnicas da DGT, optimizando os medios xa dispoñibles na Policía Local de Vigo.

Medios humanos nos Controis Preventivos:

- O número de efectivos asignados a cada control variará en función da localización, o aforo esperado e a complexidade do dispositivo:
 - **Controis mínimos**: dúas patrullas (4-6 axentes), axeitados para puntos de menor tránsito ou controis móbiles.
 - **Dispositivos reforzados**: ata 4 ou 5 patrullas (8-12 axentes), especialmente en eventos multitudinarios, grandes accesos ou campañas especiais.
- O persoal implicado incluírá **axentes uniformados da Policía Local**, con apoio de mandos responsables da coordinación e supervisión do operativo.
- En campañas conxuntas, poderase contar coa colaboración doutros corpos (Policía Nacional, Garda Civil de Tráfico, etc.).

V. AXENDAMENTO

A planificación temporal dos controis preventivos de alcohol e drogas por parte da Policía Local de Vigo será **flexible e adaptativa**, axustándose aos períodos e franxas horarias de maior risco segundo a evidencia estatística e as recomendacións da DGT. O calendario operativo contemplará:

- **Incremento de controis en horario nocturno**, especialmente durante as noites de venres e sábados ou vésperas de festivo, cando se rexistra un maior índice de sinistralidade asociada ao consumo de alcohol e drogas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

- **Reforzo en épocas de maior mobilidade e lecer**, como o período estival, onde os controis poderán estenderse a calquera día da semana, e en datas sinaladas (Nadal, Semana Santa, San Xoán, festas locais, operacións saída e retorno de vacacións).
- **Campañas especiais coordinadas coa DGT e a Xunta de Galicia**, nas que se intensificará a presenza policial en puntos estratéxicos e se realizarán controis simultáneos en diferentes zonas do municipio.
- **Rotación de puntos de control e horarios** para abranguer distintos perfís de risco e evitar a previsibilidade dos dispositivos, garantindo así a súa función disuasoria.
- **Avaliación anual da distribución temporal dos controis**, con posibilidade de axuste en función dos resultados obtidos e da evolución da sinistralidade.

VI. DOCUMENTACIÓN E GARANTÍAS

Para garantir a legalidade e trazabilidade dos controis:

- Cada intervención debe recollerse en parte de servizo ou acta, con:
 - Data, hora e localización.
 - Número de vehículos controlados.
 - Probas realizadas (alcohol, drogas).
 - Resultados obtidos.
 - Incidencias (negativas, detencións, inmovilizacións).
 - Axentes actúantes e unidade correspondente.
- Nos casos en que a proba se realice fóra dun control formal (por exemplo, por síntomas observados), debe motivarse expresamente:
 - Os feitos que xustificaron a proba.
 - A sospeita razoable ou conduta observada.
 - A hora e lugar do feito.

Estes rexistros permitirán defender a actuación en caso de reclamación ou recurso, como recomendan as resolucións xudiciais máis recentes.

VII. COORDINACIÓN CON CAMPAÑAS E AVALIACIÓN

O programa integrarase nas campañas da DGT e da Xunta de Galicia, participando activamente en dispositivos coordinados.

A Policía Local deberá:

- Compartir datos co Observatorio de Tráfico e seguridade viaria.
- Avaliar anualmente a eficacia das actuacións.
- Modificar ou reforzar os dispositivos segundo os resultados.

A avaliación incluírá:

- Número de controis.
- Taxa de positivos.

- Evolución da sinistralidade nos puntos controlados.
- Recomendacións de mellora
-

VIII. OBXECTIVOS DO PROGRAMA

Os obxectivos específicos que persegue esta planificación son:

- **Reducir a sinistralidade** relacionada co consumo de alcohol e drogas.
- **Evitar a impunidad** e reforzar a percepción de control por parte dos condutores.
- **Detectar e sancionar condutores infractores**, en especial reincidentes ou en situación de risco.
- **Protexer a vida e a integridade** tanto dos condutores como dos peóns e demais usuarios da vía.
- **Previr actuacións impugnables** mediante a correcta documentación, planificación e legalidade dos controis.

IX. IMPACTO ECONÓMICO

O desenvolvemento desta iniciativa non implica un incremento orzamentario para o Concello de Vigo, en tanto que os controis previstos xa veñen sendo executados pola Xefatura da Policía Local con carácter habitual, facendo uso dos medios materiais actualmente dispoñibles, tal e como se especifica no punto VI do presente escrito.

X. EFICACIA XURÍDICA E PREVENCIÓN DE ANULACIÓNS

Esta programación constitúe unha orde formal da autoridade competente, conforme ao artigo 21.d) do Regulamento Xeral de Circulación. A súa existencia evita:

- Que os controis sexan cualificados como arbitrarios por falta de respaldo organizativo.
- Que se invalide a proba por ausencia de planificación.
- Que se vulneren dereitos fundamentais dos cidadáns.

O programa garante a legalidade das actuacións e dota de seguridade xurídica aos axentes actuantes e ao Concello.

XI. ENTRADA EN VIGOR

Este programa entrará en vigor o día seguinte á súa aprobación pola Xunta de Goberno Local e terá vixencia indefinida, sen prexuízo da súa avaliación anual e posible revisión segundo resultados, cambios normativos ou instrucións superiores.

14(725).- LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABAJO DE XEFE/A DE XUVENTUDE. EXPTE. 46751/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/09/2025, e posterior corrección de data 17/09/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

Formación, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 6 de xuño do 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación ás bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Xuventude, mediante o sistema de concurso específico. No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto .

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 114, do martes 17 de xuño do 2025.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 131, do xoves 10 de xullo do 2025.

No Boletín Oficial del Estado núm.187, do martes 5 de agosto do 2025, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 27 de agosto do 2025 rematou o prazo de presentación de instancias, e exposto ao público segundo a certificación de exposición pública do anuncio (trámite 62) presentáronse os aspirantes que constan documentados nos trámites 56 a 59 (ambos inclusive) do expediente, sendo os seguintes:

- 1.- MEDIERO RODRÍGUEZ, M.B., con DNI ***637***
- 2.- NÚÑEZ ABOY, M., con DNI ***383***
- 3.- CAMPOS BESTILLEIRO, M. con DNI ***344***

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusamente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

- Solicitud de participación no procedemento de provisión.
- Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.
- Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, polo que trala revisión das solicitudes e documentación

presentadas efectuada e documentada no correspondente informe de verificación sinalado, formúlase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión do posto de Xefe/a de xuventude, que seguidamente se recolle:

ADMITIDOS

ASPIRANTE	DNI
1.- MEDIERO RODRÍGUEZ, M.B.,	***637***
2.- NÚÑEZ ABOY, M.	***383***
3.-CAMPOS BESTILLEIRO, M.	***344***

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(726).- LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO DE PROVISIÓN DEFINITIVA DO POSTO DE TRABAJO DE XEFE/A DE ELECTROMECÁNICOS. (2º CONVOCATORIA). EXPTE. 46749/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/09/2025, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

En data 6 de xuño de 2025 a Xunta de Goberno Local prestou aprobación as bases reguladoras da provisión definitiva do posto de traballo de Xefe/a de Electromecánicos, mediante o sistema de concurso específico.

No mesmo acto aprobouse a convocatoria do procedemento para a provisión do posto en segunda convocatoria, ao ter quedado a primeira deserta, tramitada en expediente nº 44.254-220.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

As bases e convocatoria constan publicadas no BOPPO núm. 114, do martes 17 de xuño do 2025.

O extracto da convocatoria consta publicada no DOG núm. 131, do xoves 10 de xullo do 2025.

No Boletín Oficial del Estado núm. 187, do martes 5 de agosto do 2025, consta publicado anuncio da convocatoria polo cal procedeuse a apertura do prazo de presentación de instancias.

En data 27 de agosto do 2025 rematou o prazo de presentación de instancias durante o cal, e segundo os documentos que obran incorporados ao expediente (trámite 60) presentaronse os seguintes aspirantes:

1.- B. Arranz González, con DNI ***7035**

Os documentos que, de conformidade tanto co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas como nas propias bases rectoras do procedemento de provisión definitiva aprobadas estímase que deben constar inexcusablemente asinados polas persoas aspirantes son os seguintes:

-Solicitud de participación no procedemento de provisión.

-Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo obxecto da convocatoria.

-Memoria requerida no apartado Cuarto das bases.

De conformidade coa cláusula terceira das bases da convocatoria procede aprobar a lista provisional de admitidos e excluídos, polo que trala revisión das solicitudes e documentación presentadas efectuada e documentadas no trámite 60 do expediente xa citado, fórmase a seguinte a **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á lista provisional de admitidos e excluídos no procedemento de provisión definitiva en segunda convocatoria do posto de Xefe/a de Electromecánicos, que seguidamente se recolle:

ADMITIDOS

ASPIRANTE

DNI

SEGUNDO.- Publicar o presente acordo no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(727).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE CONTROL DE ACCESOS E ATENCIÓN AO PÚBLICO EN VIGOZOO. EXPTE. 13005/612.

Visto o informe xurídico do 11/09/2025 e o informe de fiscalización do 15/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 05/09/2025, asinado polo director de Réxime Interior, e conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Debido a necesidade de contratación do servizo de control de accesos e atención ao público en VigoZoo pertencente á Concellería de Medio Ambiente e nunha previsión de maior axilización na tramitación e maior control e xestión das contratacións, se estima a posibilidade de iniciación dun procedemento de licitación para dito servizo.

Polo tanto, neste proceso licitatorio se seguirán os criterios establecidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP) no que se pretende cubrir as necesidades deste servizo para garantir o bo funcionamento do mesmo.

En cumprimento do art. 28 da LCSP, o requisito de facelo se xustifica en que para cubrir as necesidades derivadas do servizo de control de accesos e atención ao público nas instalacións de VigoZoo. O contido do contrato supoñe cubrir as necesidades do servizo de control de accesos e atención ao público

Como consecuencia do anterior, con data de 12 de xuño de 2025, a terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do servizo de control de accesos e atención ao público en VigoZoo.

En vista do anterior dende este servizo, elabora a memoria xustificativa e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo o 12/06/25 e pola terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística de data 12/06/2025.
- Orde de inicio da terceira tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística na data 12/06/2025.
- Memoria económica asinada polo Director de Réxime Interior o 05/09/2025 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data.
- Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Veterinario de VigoNature o 05/09/2025, o Director de Réxime Interior de VigoNature e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data.
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Director de VigoZoo o 22/08/2025.
- Informe emitido pola Xefa de Área de Contratación e novos proxectos o 22/08/25, sobre a comprobación documental do expediente.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola Xefa de Área de Contratación e novos proxectos o 05/09/2025.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, na contratación do servizo de control de accesos e atención ao público en VigoZoo.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria e o procedemento de adxudicación o aberto simplificado abreviado, en aplicación do artigo 159 da LCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o orzamento base de licitación (11.924,17 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (2.069,58 €) e o valor estimado (9.854,68 €). A execución do contrato abrangue dúas anualidades.

- VIGOZOO (337.1. 221.99.00)
Importe

2025	4.093,91 €
2026	7.830,26 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria indicada no parágrafo anterior.

Este contrato non suporá desequilibrio orzamentario xa que o gasto contemplado no presente orzamento é superior ao previsto nesta contratación e non afectará á sustentabilidade financeira do Concello. Por outra banda, este gasto é recorrente dentro das previsións de gasto deste servizo nos derradeiros anos.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 28 da LCSP, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na LCSP.

Este servizo nas instalacións da Concellería de Medio Ambiente poden encadrarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

A duración do contrato será de cento trinta nove (139) días sen posibilidade de prórroga, comezará o 16/11/25 e rematará o 3/04/2026. O prazo de duración do contrato fíxase en cento trinta e nove (139) días naturais, atendendo á necesaria coordinación entre os distintos servizos que se prestan actualmente.

En concreto, o servizo de billeteira vixente remata no mes de novembro de 2025, mentres que o contrato de mantemento mantén a súa vixencia ata abril de 2026. Co obxecto de garantir a continuidade do servizo de billeteira e evitar calquera interrupción na prestación, considérase necesario formalizar un contrato específico para dito servizo que cubra o período comprendido entre a finalización do contrato actual de billeteira e a finalización do contrato de mantemento.

Deste xeito, o prazo do presente contrato de billeteira —139 días— correspóndese exactamente co período transitorio ata abril de 2026, data na que se prevé a licitación dun novo prego que unifique ambos servizos nun único contrato.

A determinación dun prazo tan concreto responde, por tanto, a criterios de eficiencia na xestión contractual, de optimización dos recursos públicos e de garantía de continuidade do servizo, evitando solapamentos ou duplicidades contractuais, ao tempo que se asegura a prestación ininterrompida do servizo ata a entrada en vigor do novo contrato global.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

f) Réxime de pagamentos

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e serán conformadas polo responsable do contrato. O importe total de cada factura mensual será o resultado de dividir o prezo total do contrato polo prazo do contrato (días) multiplicado polos días traballados en cada mensuralidade.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

g) Clasificación / Solvencia

Non procede.

h) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Director de Réxime Interior de VigoZoo.

i) Seguro

1.- Seguro de Responsabilidade Civil con entidade aseguradora legalmente autorizada, co obxecto de cubrir as obrigas derivadas do obxecto do contrato, cun límite de indemnización non inferior a 150.000 euros por sinistro e ano para cubrir o pago das indemnización das cales puidera resultar civilmente responsable polos prexuízos causados, debido a faltas ou erros propios ou cometidos por persoas das que deba legalmente responder no exercicio da actividade.

2.- Calquera outro seguro de contratación obrigatoria conforme á lexislación vixente durante o período de duración do contrato de servizo.

Antes do inicio da execución do obxecto do contrato, o Concello de Vigo disporá de copia a póliza subscrita e firmada pola Aseguradora para cubrir os riscos descritos, ou certificado no seu defecto, así como tamén do correspondente recibo liquidado.

3.- **Criterios de adxudicación e ponderación**

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada polo Director de Réxime Interior de VigoZoo de data 05/09/2025 e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente na mesma data, explícanse e motivan o criterio elixido e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 6 das FEC prevese a valoración dos criterios:

A) Criterios avaliáveis a través de fórmula: redución do prezo do contrato.

4.- **Revisión de prezos:**

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª.4 da LCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobación a través de procedemento aberto abreviado e tramitación ordinaria do servizo de control de accesos e atención ao público en VigoZoo (exp.13005-612)

SEGUNDO.- Aprobación o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Director de Réxime Interior de VigoZoo con data 22/08/25 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa de Área de Contratación e novos proxectos con data 05/09/25.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 11.924,17 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (2.069,58 €). O financiamento do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.99.00 “ Servizo de taquilla”.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(728).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE LIQUIDACIÓNS COMPLEMENTARIAS DE TAXAS. EXPTE. 18150/407.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 08/09/2025, asinado polo xefe do Servizos Centrais de Urbanismo e conformado polo Xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

A partir de xaneiro do ano 2000 os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Cando as autoliquidacións das taxas pola concesión de licenzas de obras, licenzas de actividades e instalacións e licenzas de cambio de titularidade non son correctas, realízanse liquidacións complementarias que, en algúns casos, non son ingresadas no período voluntario, polo que deben pasar á vía de constrinximento.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

De conformidade coa base 48ª das bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por este concepto para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada das seguintes liquidacións complementarias de taxas que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Liquidacións de taxas por licenzas de obras:

01 Exp 116117/421	(NIF ***0893**)	66,50 euros
02 Exp 116015/421	(CIF ***6906**)	418,00 euros
03 Exp 116021/421	(NIF ***1248**)	22,96 euros
04 Exp 116617/421	(CIF***8562**)	3.277,50 euros
05 Exp 97631/421	(CIF ***8605**)	311,46 euros
06 Exp 116611/421	(CIF***8293**)	491,99 euros
07 Exp 116712/421	(NIF***8657**)	144,25 euros
08 Exp 116721/421	(NIF***1222**)	67,00euros
09 Exp 117017/421	(NIF***3177**)	108,58 euros
10 Exp 117305/421	(CIF***0994**)	1.529,89 euros
11 Exp 116466/421	(NIF***2257**)	36,70 euros
12 Exp 116740/421	(NIF***1764**)	420,92 euros
13 Exp 116777/421	(CIF***6240**)	108,30euros
14.Exp 116798/421	(CIF ***0494**)	159,60 euros
15 Exp 117441/421	(NIF***7161**)	73,06 euros
16 Exp117344/421	(CIF***0994**)	718,20 euros
17 Exp 117476/421	(CIF***0994**)	568,10 euros
18 Exp 117620/421	(CIF***6097**)	1.646,70 euros
19 Exp 117152/421	(CIF***2225**)	10.363,82 euros
20 Exp 107144/421	(NIF***7039**)	229,95 euros
21 Exp 111636/421	(CIF***0930**)	1.417,64 euros
22 Exp 118606/421	(NIF***4417**)	133,38 euros
23 Exp 117757/421	(NIF***7120**)	82,51 euros
24 Exp 100080/421	(CIF***8107**)	264,74 euros
25 Exp 120139/421	(CIF***2478**)	475,00 euros
26 Exp 119928/421	(NIF***8889**)	73,23 euros
27 Exp 119988/421	(NIF***6546**)	74,80 euros
28.Exp 115090/421	(CIF***2225**)	286,72 euros
29.Exp 110749/421	(NIF***5281**)	358,52 euros

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Expediente de contratación do servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as datas da campaña do Nadal 2025-2026. Expte. 11335/106
- .- Expediente de contratación do servizo de asistencia técnica para a revisión xeral de espectáculos públicos e actividades recreativas e revisión específica de instalacións desmontables e atraccións na vía pública: campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027. Expte. 11251/106
- .- Expediente de contratación do servizo de Papá Noel e Carteiro Real durante as campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027. Expte. 11279/106.
- .- Corrección de erros nos acordos de modificación 1º e 2º do contrato de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do Marco Europeo da Estratexia da Economía Circular. Expte. 9014/252.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

18(729).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO SANITARIO DE AMBULANCIAS ASISTENCIAIS DURANTE AS DATAS DA CAMPAÑA DO NADAL 2025-2026. EXPTE. 11335/106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

Visto o informe xurídico 12/09/2025 e o informe de fiscalización do 15/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/09/2025, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Mediante resolución do día 09.09.2025 o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar por procedemento aberto a o servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as datas da campaña do nadal, con especial incidencia nos días dos actos de acendido e apagado e nos días de máxima afluencia durante a campaña do nadal 2025-2026.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orden de inicio** asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 09.09.2025.
- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais con data e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 09.09.2025.
- **Prego de prescricións técnicas particulares** asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 09.09.2025.
- **Declaración de neutralidade** do redactor do prego de prescricións técnicas asinada o día 10.09.2025.
- **Documentos económicos de retención de crédito** asinados pola técnica de contabilidade o día 10.09.2025 (operación nº 12025000116042 e 12025000116043).
- **Memoria económica do contrato** asinada polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 09.09.2025 e conformada polo concelleiro de Orzamentos e Facenda con data 10.09.2025.
- **Memoria xustificativa** do contrato asinada pola xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 10.09.2025.
- **Informe do Servizo de Contratación** sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 11.09.2025.
- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para a contratación por procedemento aberto a o servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as datas da campaña do nadal, con especial incidencia nos días dos actos de acendido e apagado e nos días de máxima afluencia durante as campañas do nadal 2025-2026, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 11.09.2025.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.

- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 22.06.2023, posterior corrección de data 28.06.2024, nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques, Xardíns, Comercio e Festas Especias mediante resolución de data 09.09.2025, conformada polo concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 09.09.2025, autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto, e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xa incorporado ao expediente, xunto co informe da



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uniranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de **contratación por procedemento aberto a o servizo sanitario de ambulancias asistenciais durante as datas da campaña do nadal, con especial incidencia nos días dos actos de acendido e apagado e nos días de máxima afluencia durante as campañas do nadal 2025-2026**, cun orzamento base de licitación sen IVE (por que está excluído de acordo co artigo 20.1.15º da Lei 37/1992 do Imposto sobre o Valor Engadido) de OITENTA MIL TRESCENTOS QUINCE EUROS CON DEZASEIS CÉNTIMOS (80.315,16 euros), segundo a seguinte distribución de anualidades:

Anualidade	Importe
2025	64.887,84 €
2026	15.427,32 €
TOTAL	80.315,16 €

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 09.09.2025, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 11.09.2025.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 64.887,84 € con cargo a aplicación orzamentaria 4310.2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL" e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais do exercicio 2026, na aplicación orzamentaria 4310.2279901 "PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL", crédito por importe de 15.427,32 €.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(730).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REVISIÓN XERAL DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS E REVISIÓN ESPECÍFICA DE INSTALACIÓNS DESMONTABLES E ATRACCIÓNS NA VÍA PÚBLICA: CAMPAÑAS DO NADAL 2025-2026 E 2026-2027. EXPTE. 11251/106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización, ambos do 17/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/09/2025, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Mediante resolución do día 21.08.2025 o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para contratar por procedemento aberto a prestación do servizo de servizo de asistencia técnica para a revisión xeral de espectáculos públicos e actividades recreativas e revisión específica de instalacións desmontables e atraccións na vía pública no Concello de Vigo durante as Campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027.

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orden de inicio** asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 21.08.2025.
- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 21.08.2025.
- **Prego de prescricións técnicas particulares** asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 09.09.2025.
- **Declaración de neutralidade** do redactor do prego de prescricións técnicas asinada o día 28.08.2025.
- **Documentos económicos de retención de crédito** asinados pola técnica de contabilidade o día 25.08.2025 (operacións nº 12025000106477 e 12025000106481).
- **Memoria económica do contrato** asinada polo xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 28.08.2025 e conformada polo concelleiro de Orzamentos e Facenda con data 29.08.2025.
- **Memoria xustificativa** do contrato asinada pola xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 10.09.2025.
- **Informe do Servizo de Contratación** sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 01.09.2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para a contratación por procedemento aberto da prestación do servizo de servizo de asistencia técnica para a revisión xeral de espectáculos públicos e actividades recreativas e revisión específica de instalacións desmontables e atraccións na vía pública no Concello de Vigo durante as Campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 16.09.2025.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iníciase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 22.06.2023, posterior corrección de data 28.06.2024, nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques, Xardíns, Comercio e Festas Especias mediante resolución de data 21.08.2025 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto, e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xa incorporado ao expediente, xunto co informe da fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uníranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto da prestación do servizo de servizo de asistencia técnica para a revisión xeral de espectáculos públicos e actividades recreativas e revisión específica de instalacións desmontables e atraccións na vía pública no Concello de Vigo durante as Campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027, cun orzamento base de licitación máis IVE de SETENTA E CINCO MIL SETECENTOS SEIS CON OITENTA E TRES EUROS (75.706,83 euros), segundo a seguinte distribución de anualidades:

Anualidade	Total C/IVE
2025	35.437,75 €
2026	38.171,43 €
2027	2.097,65 €
TOTAL	75.706,83 €

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 09.09.2025, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 16.09.2025.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 75.706,83 € con cargo a aplicación orzamentaria 4310.2270600 “ASISTENCIAS TÉCNICAS” e asumir o compromiso de dotar



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

nos orzamentos iniciais dos exercicios 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 4310.2270600 "ASISTENCIAS TÉCNICAS", crédito por importe de 38.171,43 € e 2.097,65 € respectivamente.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(731).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PAPÁ NOEL E CARTEIRO REAL DURANTE AS CAMPAÑAS DO NADAL 2025-2026 E 2026-2027. EXPTE. 11279/106.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico 17/09/2025 e o informe de fiscalización do 18/09/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/09/2025, asinado polo xefe do Servizo de Comercio e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Mediante resolución do día 06.08.2025 o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para **contratar por procedemento aberto a prestación do servizo de servizo de Papa Noel e Carteiro Real durante as Campañas de Nadal 2025-2026 e 2026-2027.**

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orden de inicio** asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 06.08.2025.
- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais con data 06.08.2025 e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda o día 07.08.2025.
- **Prego de prescricións técnicas particulares** asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 10.09.2025.
- **Declaración de neutralidade** do redactor do prego de prescricións técnicas asinada o día 21.08.2025.
- **Documentos económicos de retención de crédito** asinados pola técnica de contabilidade o día 28.08.2025 (operación nº 12025000106937 e 12025000106939).
- **Memoria económica do contrato** asinada polo xefe do Servizo de Comercio con data 25.08.2025 e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 26.08.2025 e conformada polo concelleiro de Orzamentos e Facenda con data 26.08.2025.

- **Memoria xustificativa** do contrato asinada pola xefe do Servizo de Comercio e polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 11.09.2025.
- **Informe do Servizo de Contratación** sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 11.09.2025.
- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para a contratación por procedemento aberto da prestación do servizo de Papa Noel e Carteiro Real durante as Campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027, asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 17.09.2025.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 22.06.2023, posterior corrección de data 28.06.2024, nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques, Xardíns, Comercio e Festas Especias mediante resolución de data 21.08.2025 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 156 e 116 LCSP

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto, e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente incorporárase o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xa incorporado ao expediente, xunto co informe da fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uníranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto da prestación do servizo de Papa Noel e Carteiro Real durante as Campañas do Nadal 2025-2026 e 2026-2027, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E NOVE MIL SETECENTOS CINCUENTA EUROS CON VINTE E DOUS CÉNTIMOS (99.750,22 euros), segundo a seguinte distribución de anualidades:

LOTE 1

Anualidade	Total C/IVE
2025	33.219,87 €
2026	36.024,92 €
2027	2.138,87 €
TOTAL	71.383,76 €

LOTE 2

Anualidade	Total C/IVE
2025	10.685,41 €

Anualidade	Total C/IVE
2026	14.198,62 €
2027	3.482,43 €
TOTAL	28.366,46 €

TOTAL	Total C/IVE
LOTE 1	71.383,76 €
LOTE 2	28.366,46 €
TOTAL	99.750,22 €

SEGUNDO.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado polo xefe do Servizo de Comercio con data 10.09.2025, así como aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación por este procedemento asinado pola xefa do Servizo de Contratación o día 17.09.2025.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por importe de 43.905,28 € con cargo a aplicación orzamentaria 4310.2279901 “PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL” e asumir o compromiso de dotar nos orzamentos iniciais dos exercicios 2026 e 2027, na aplicación orzamentaria 4310.2279901 “PROGRAMA DE DECORACIÓN Y ANIMACIÓN NADAL”, crédito por importe de 50.223,54 € e 5.621,30 € respectivamente.

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(732).- CORRECCIÓN DE ERROS NOS ACORDOS DE MODIFICACIÓN 1º E 2º DO CONTRATO DE SERVICIOS PARA A XESTIÓN SUSTENTABLE E INTEGRADA DOS RESIDUOS MUNICIPAIS DE VIGO E A SÚA VALORIZACIÓN DENTRO DO MARCO EUROPEO DA ESTRATEXIA DA ECONOMÍA CIRCULAR. EXPTE. 9014/252.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Sométese a aprobación o informe-proposta do 15/09/2025, asinado polo xefe de Limpeza e Xestión de Residuos, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

- I - ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Con data 26 de maio de 2022 a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar a FCC MEDIOAMBIENTE SAU o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

municipais de Vigo e a súa valorización dentro do Marco Europeo da Estratexia da Economía Circular (exp. 7645-252). O prezo total do contrato foi de 402.970.748,49 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 36.729.622,43 euros co seguinte detalle:

ADXUDICACIÓN					
	Parte fixa	Plan de investimentos do contrato calculado cun financiamento do 3% de tipo fixo	Parte variable	Variable por incentivo	Prezo do contrato
Prezo sen IVE	323.754.427,36	15.180.960,38	26.346.558,10	959.180,21	366.241.126,06
Importe IVE	32.375.442,74	1.518.096,04	2.634.655,81	201.427,85	36.729.622,43
Tipo impositivo	10%	10%	10%	21%	402.970.748,49 €

ADXUDICACIÓN	
total parte fixa S/IVE:	323.754.427,36 €
total parte variable por reciclaxe S/IVE:	26.346.558,10 €
total parte variable por inventico S/IVE:	959.180,21 €
amortización máis financiamento do investimento S/IVE:	15.180.960,38 €
TOTAL CONTRATO S/IVE	366.241.126,06 €
IVE 10%:	36.528.194,58€
IVE 21%:	201.427,85 €
Total IVE:	36.729.622,43 €
TOTAL CONTRATO C/IVE:	402.970.748,49 €

O contrato foi asinado o 27 de xuño de 2022 e o día 1 de xullo de 2022 iniciouse a prestación, estando previsto o remate para o 31 de decembro de 2031 coas seguintes anualidades:

ADXUDICACIÓN						
ANO	Total explotación parte fixa S/IVE	TOTAL Variable por Recollida selectiva (orgánica +) S/IVA	Variable incentivo recollida selectiva clásicos S/IVE	Total Inversión A+F(0,01%) S/IVE	TOTAL SEN IVE	TOTAL CON IVE
2022	16.113.954,99 €	10.877,90 €	65.105,81 €	692.708,34 €	16.882.647,05 €	18.578.073,39 €
2023	32.584.794,09 €	427.351,52 €	86.052,12 €	1.224.566,98 €	34.322.764,71 €	37.764.506,92 €
2024	32.974.236,93 €	1.053.487,11 €	91.401,78 €	1.448.696,09 €	35.567.821,91 €	39.134.658,29 €
2025	33.366.746,63 €	2.875.690,94 €	94.257,19 €	1.687.855,57 €	38.024.550,33 €	41.837.373,65 €
2026	33.764.337,66 €	3.173.661,72 €	98.645,81 €	1.687.855,57 €	38.724.500,76 €	42.607.801,88 €

2027	34.169.346,56 €	3.356.806,52 €	100.304,54 €	1.687.855,57 €	39.314.313,19 €	43.256.778,01 €
2028	34.579.438,73 €	3.549.116,85 €	100.673,31 €	1.687.855,57 €	39.917.084,46 €	43.919.866,98 €
2029	34.984.187,41 €	3.751.026,12 €	105.706,97 €	1.687.855,57 €	40.528.776,07 €	44.593.281,44 €
2030	35.393.811,05 €	3.962.972,82 €	105.869,60 €	1.687.855,57 €	41.150.509,04 €	45.277.205,61 €
2031	35.823.573,31 €	4.185.566,60 €	111.163,08 €	1.687.855,57 €	41.808.158,56 €	46.001.202,36 €
TOT	323.754.427,36 €	26.346.558,10 €	959.180,21 €	15.180.960,38 €	366.241.126,06 €	402.970.748,49 €

SEGUNDO.- En data 15 de decembro do 2023 a Xunta de Goberno Local acordou modificar o plan de investimentos do contrato. A modificación denominada como **“Modificado número 1”** tramitouse no Expediente 8463-252, sendo asinada por ambas partes o día 28/12/2023.

A parte dispositiva do acordo é do seguinte tenor literal:

“1º.- Corrixir o plan de investimentos do contrato adxudicado reducindo este en 173.177,09€, polo que o total da Amortización máis o Financiamento pasa dos 15.180.960,38€ aos 15.007.783,30€. Todo elo antes da modificación nº 1 do contrato.

2º.- Minorar o prezo do contrato no ano 2023 en 311.454,42€ da parte variable, polo que o prezo do contrato no ano 2023 queda establecido en 37.453.052,50€, antes da modificación. O crédito liberado quedará dispoñible na partida 1622.227.99.01 “XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS”.

3º.- Modificar o contrato de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular, que foi adxudicado a FCCMA pola XGL o 26 de maio de 2022, e que consisten en:

•Modificar o plan de investimentos do contrato incrementando este en 723.267,40€ (sen IVE), o que supón un incremento do 4,82% sobre o inicial corrixido. O plan de investimentos modificado resulta en 15.731.057,17€ (sen IVE), que serán cofinanciados con 587.674,00 € polos Fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU-, figurando o devandito Plan dentro do eixe/compoñente 12: política industrial de España 2030, medida/investimento I3: Plan de apoio á implementación da normativa de residuos e ao fomento da economía circular (residuos e economía circular), submedida 001: residuos e economía circular, modalidade de financiamento 4620-MRR, do Plan estatal de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

4º.- Establecer como novo prezo do contrato modificado nº 1 o de 403.575.854,95€, dos que 323.754.427,36€ corresponden á parte fixa, 15.731.057,17€ corresponden á amortización máis financiamento, 26.346.558,10€ á parte variable, 959.180,21€ ao incentivo, 36.583.204,26€ ao IVE do 10% e 201.427,85€ ao IVE do 21%, coa seguinte distribución de anualidades:

ANO	IMPORTE TOTAL CONTRATO	TOTAL IVE	Total con IVE CONTRA-
-----	------------------------	-----------	-----------------------



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

	MODIFICADO S/IVE		TO MODIFICADO
2022	16.882.647,04 €	1.695.426,34 €	18.578.073,38 €
2023	35.076.059,55 €	3.517.071,69 €	38.593.131,24 €
2024	35.542.422,16 €	3.564.296,40 €	39.106.718,56 €
2025	37.999.150,57 €	3.810.283,34 €	41.809.433,91 €
2026	38.699.101,00 €	3.880.761,14 €	42.579.862,14 €
2027	39.288.913,43 €	3.939.924,84 €	43.228.838,27 €
2028	39.891.684,70 €	4.000.242,54 €	43.891.927,24 €
2029	40.503.376,31 €	4.061.965,39 €	44.565.341,70 €
2030	41.125.109,28 €	4.124.156,59 €	45.249.265,87 €
2031	41.782.758,80 €	4.190.503,82 €	45.973.262,62 €
	366.791.222,84 €	36.784.632,11 €	403.575.854,95 €

TERCEIRO.- No texto do anterior acordo (modificado 1º) incorreuse en dous erros aritméticos, un no importe da parte variable do prezo do contrato (apartado 4º do acordo modificado 1º) e outro no importe do incremento do plan de investimentos do contrato sen IVE (apartado 3º do acordo).

Así, a este respecto reflíctese:

1º) A parte variable por reciclaxe +orgánica do prezo do contrato modificado 1º é idéntica á da adxudicación, contradicindo o punto segundo do modificado 1º, que indica que o variable se reduce en 311.454,42€ (IVE engadido), de tal forma que no punto 4º debería figurar a cantidade coa minoración acordada.

Nos seguintes cadros expóñense as cifras de ambos acordos:

ADXUDICACIÓN					
	Parte fixa	Plan de investimentos do contrato calculado cun financiamento do 3% de tipo fixo	Parte variable	Variable por incentivo	Prezo do contrato
Prezo sen IVE	323.754.427,36	15.180.960,38	26.346.558,10	959.180,21	366.241.126,06
Importe IVE	32.375.442,74	1.518.096,04	2.634.655,81	201.427,85	36.729.622,43
Tipo impositivo	10%	10%	10%	21%	402.970.748,49 €

MODIFICADO 1					
	Parte fixa	Plan de investimentos do contrato	Parte variable por reciclaxe	Parte variable por incentivo	Prezo do contrato modificado 1º
Prezo sen IVE	323.754.427,36	15.731.057,17	26.346.558,10	959.180,21	366.791.222,84
Importe IVE	32.375.442,74	1.573.105,71	2.634.655,81	201.427,85	36.784.632,11
Tipo impositivo	10%	10%	10%	21%	403.575.854,95 €

COMPARACIÓN ENTRE ADXUDICACIÓN E MODIFICADO 1			
	ADXUDICACIÓN	MODIFICADO 1º	COMPARACIÓN
total parte fixa S/IVE:	323.754.427,36	323.754.427,36	0,00%
total parte variable por reciclaxe S/IVE:	26.346.558,10	26.346.558,10	0,00%
total parte variable por incentivo S/IVE:	959.180,21	959.180,21	0,00%
amortización máis financiamento do investimento S/IVE:	15.007.783,30 (*)	15.731.057,17	723.273,87 € 4,82%
TOTAL CONTRATO S/IVE	366.067.948,97	366.791.222,84	
total IVE 10%:	36.528.194,58	36.583.204,26	
total IVE 21%:	201.427,85	201.427,85	
Total IVE:	36.729.622,43	36.784.632,11	
TOTAL CONTRATO C/IVE	402.797.571,40	403.575.854,95	778.283,55

** NOTA: Faise constar no apartado A+F da columna "adxudicación" desta táboa a cantidade de 15.007.783,30€ e non a de 15.180.960,38€ que figura no acordo de adxudicación, en aplicación do punto 1º do acordo do modificado número 1, que di: "1º.- Corrixir o plan de investimentos do contrato adxudicado reducindo este en 173.177,09€, polo que o total da Amortización máis o Financiamento pasa dos 15.180.960,38€ aos 15.007.783,30€. Todo elo antes da modificación nº 1 do contrato."*

Vese no cadro anterior que a parte variable por reciclaxe +orgánica é idéntica en ambos acordos (26.346.558,10€), contradicindo o acordo de modificación por non reflectir a minoración acordada no punto 2º da resolución do modificado 1º.

2º) O punto terceiro do 1º modificado indica que o plan de investimentos do contrato se incrementa en 723.267,40 €, antes de impostos. Esta cifra non é correcta dado que o importe do plan de investimentos que aparece no acordo da primeira modificación é de 15.731.057,17€ (sen IVE), ao que restándolle o importe da adxudicación -corrixido conforme ao punto primeiro do acordo- resulta unha cantidade para o incremento diferente: 723.273,87€ (15.007.783,30€ - 15.731.057,17€ = 723.273,87€).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

CUARTO.- En data 25 de outubro do 2024 a Xunta de Goberno Local acordou a 2ª modificación do contrato denominada como **“Modificado número 2”**. Tramitouse no Expediente 8654-252, sendo asinada por ambas partes o día 13/11/2024.

A parte dispositiva do acordo é do seguinte tenor literal:

“1º.- Modificar o contrato de servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular, nos termos sinalados neste informe. Este contrato foi adxudicado a FCC MEDIOAMBIENTE SAU pola Xunta de Goberno local o 26 de maio de 2022, nos termos sinalados no fundamento xurídico II deste informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 9.781.433,79 € euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1622.227.99.01 “XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS”. Esta modificación supón un incremento de 4.495.057,09 € sen IVE do prezo da parte fixa do contrato por causas previstas no PCAP que equivale a un 1,39%, e un incremento de 472.226,64€ do prezo do PLAN DE INVESTIMENTOS por causas previstas no PCAP, que engadindo os 723.267,40 € da primeira modificación do contrato tamén por causas previstas equivale a un 7,96% respecto da adxudicación, atopándose dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20 % do total do Plan de investimentos e do 5% da parte fixa do prezo do contrato por causas previstas, segundo o disposto no apartado 15.D do Anexo I (FEC) do PCAP). Asemade, supón un incremento de 3.924.928,81 € sen IVE do prezo da parte fixa do contrato por causas non previstas no PCAP que equivale a un 1,07% respecto do prezo de adxudicación sen IVE, o que queda dentro da marxe do 50% establecido no artigo 205 da Lei de Contratos do sector público.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil do contratante, así como no Diario Oficial da Unión Europea”.

QUINTO.- No texto do anterior acordo incorreuse en dous erros, un na determinación do prezo do contrato, e outro no cálculo da porcentaxe que supón a modificación da parte fixa do prezo do contrato no modificado 2º respecto do prezo de adxudicación.

Así, a este respecto reflíctese:

1º) Dado que os cálculos realizados para determinar os importes da segunda modificación parten do prezo da primeira modificación, e esta debe corrixiarse polo indicado no antecedente terceiro, o prezo aprobado para a segunda modificación adoece tamén do mesmo erro aritmético cometido no modificado 1º.

2º) Ademais cometeuse outro erro no cálculo da porcentaxe que supón a modificación da parte fixa do prezo do contrato respecto da adxudicación, ao

non ter en conta a redución da parte variable do prezo no 1º modificado, e unicamente ter en conta para o cálculo a parte fixa do prezo do contrato.

- II - CORRECCIÓN DE ERROS NO ACORDO DO MODIFICADO 1º DO CONTRATO, Exp.: 8643/252

a) corrección por imputación da redución da parte variable do prezo do contrato

Tal como indica o antecedente segundo deste informe, o modificado 1º (Exp.: 8643/252) reduce o importe da parte variable do prezo do contrato en 311.454,42 € IVE engadido (283.140,38 de base + 28.314,04 de IVE), pero por un erro aritmético, este importe non se resta do prezo total do contrato calculado no punto cuarto dese acordo.

O punto segundo do acordo indica:

“Minorar o prezo do contrato no ano 2023 en 311.454,42€ da parte variable, polo que o prezo do contrato no ano 2023 queda establecido en 37.453.052,50€, antes da modificación. O crédito liberado quedará dispoñible na partida 1622.227.99.01 “XESTIÓN-VALORACIÓN INTEGRAL DE RESIDUOS”

Esta redución queda reflectida no prezo do ano 2023, comparativamente co importe da adxudicación do mesmo ano, do seguinte xeito:

- Total parte variable por reciclaxe S/IVE en adxudicación no ano 2023: 427.351,52€
- Redución por acordo do 1º modificado: **-283.140,38€**
- Total parte variable por reciclaxe S/IVE en 1º modificado no ano 2023: 144.211,14€

Expresando isto en forma de táboa resulta:

	Año 2023 (en ADXUDICACIÓN)	Año 2023 no modificado 1 (restando o variable acordado)
total parte fixa S/IVE:	32.584.794,09	32.584.794,09
total parte variable por reciclaxe S/IVE:	427.351,52	144.211,14
total parte variable por inventivo S/IVE:	86.052,12	86.052,12
amortización máis financiamento do investimento S/IVE:	1.224.566,98	1.224.566,98
TOTAL S/IVE	34.322.764,71	34.039.624,33
IVE 10%:	3.423.671,26	3.395.357,22
IVE 21%:	18.070,95	18.070,95
Total IVE:	3.441.742,21	3.413.428,17



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

TOTAL C/IVE:	37.764.506,92	37.453.052,50
---------------------	----------------------	----------------------

A partir do importe do ano 2023 corrixido, obtense o novo prezo das distintas partes que conforman o prezo do contrato segundo o indicado na memoria que consta no expediente modificado 1º (Exp.: 8463/252).

PARTE FIXA (esta parte non cambia respecto do aprobado):

		Total parte fixa S/IVE	IVE (10%)	Total con IVE
ano 1	2022	(*)16.113.954,99 €	1.611.395,50 €	17.725.350,49 €
ano 2	2023	32.584.794,09 €	3.258.479,41 €	35.843.273,50 €
ano3	2024	32.974.236,93 €	3.297.423,69 €	36.271.660,62 €
ano 4	2025	33.366.746,63 €	3.336.674,66 €	36.703.421,29 €
ano 5	2026	33.764.337,66 €	3.376.433,77 €	37.140.771,43 €
ano 6	2027	34.169.346,56 €	3.416.934,66 €	37.586.281,22 €
ano 7	2028	34.579.438,73 €	3.457.943,87 €	38.037.382,60 €
ano 8	2029	34.984.187,41 €	3.498.418,74 €	38.482.606,15 €
ano 9	2030	35.393.811,05 €	3.539.381,11 €	38.933.192,16 €
ano 10	2031	35.823.573,31 €	3.582.357,33 €	39.405.930,64 €
	TOTAL=	323.754.427,36 €	32.375.442,74 €	356.129.870,10 €

(*) Do ano 2022 computan 6 meses e non os 9 ofertados

PLAN DE INVESTIMENTOS A+F (esta parte non cambia respecto do aprobado):

		Investimento do MODIFICA- DO 1º (A+F) S/IVE	IVE (10%)	Total con IVE
ano 1	2022	692.708,34 €	69.270,83 €	761.979,17 €
ano 2	2023	1.977.861,82 €	197.786,18 €	2.175.648,00 €
ano3	2024	1.423.296,34 €	142.329,63 €	1.565.625,97 €
ano 4	2025	1.662.455,81 €	166.245,58 €	1.828.701,39 €
ano 5	2026	1.662.455,81 €	166.245,58 €	1.828.701,39 €
ano 6	2027	1.662.455,81 €	166.245,58 €	1.828.701,39 €

ano 7	2028	1.662.455,81 €	166.245,58 €	1.828.701,39 €
ano 8	2029	1.662.455,81 €	166.245,58 €	1.828.701,39 €
ano 9	2030	1.662.455,81 €	166.245,58 €	1.828.701,39 €
ano 10	2031	1.662.455,81 €	166.245,58 €	1.828.701,39 €
	TOTAL=	(*) 15.731.057,17 €	1.573.105,70 €	17.304.162,87 €

* NOTA: no total do investimento xa está descontada a corrección do punto primeiro do acordo (-173.177,09€ S/IVE).

VARIABLE POR RECOLLIDA SELECTIVA +ORGÁNICO (nesta táboa se introduce a modificación do ano 2023 referida antes polo que o Total cambia respecto do aprobado):

		TOTAL Variable por Recollida selectiva (orgánica +) S/IVA	IVE (10%)	Total con IVE
ano 1	2022	10.877,90 €	1.087,79 €	11.965,69 €
ano 2	2023	(*) 144.211,14 €	(*)14.421,11 €	(*)158.632,25 €
ano3	2024	1.053.487,11 €	105.348,71 €	1.158.835,82 €
ano 4	2025	2.875.690,94 €	287.569,09 €	3.163.260,03 €
ano 5	2026	3.173.661,72 €	317.366,17 €	3.491.027,89 €
ano 6	2027	3.356.806,52 €	335.680,65 €	3.692.487,17 €
ano 7	2028	3.549.116,85 €	354.911,69 €	3.904.028,54 €
ano 8	2029	3.751.026,12 €	375.102,61 €	4.126.128,73 €
ano 9	2030	3.962.972,82 €	396.297,28 €	4.359.270,10 €
ano 10	2031	4.185.566,60 €	418.556,66 €	4.604.123,26 €
	TOTAL=	26.063.417,72 €	2.606.341,76 €	28.669.759,48 €

* NOTA: no ano 2023 o importe do variable está reducido conforme ao acordado

PARTE VARIABLE POR INCENTIVO (esta parte non cambia respecto do aprobado):

		Variable - incentivo recollida selectiva clásicos S/IVE	IVE (21%)	Total con IVE
ano 1	2022	65.105,81 €	13.672,22 €	78.778,03 €
ano 2	2023	86.052,12 €	18.070,95 €	104.123,07 €
ano3	2024	91.401,78 €	19.194,37 €	110.596,15 €
ano 4	2025	94.257,19 €	19.794,01 €	114.051,20 €
ano 5	2026	98.645,81 €	20.715,62 €	119.361,43 €
ano 6	2027	100.304,54 €	21.063,95 €	121.368,49 €
ano 7	2028	100.673,31 €	21.141,40 €	121.814,71 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

ano 8	2029	105.706,97 €	22.198,46 €	127.905,43 €
ano 9	2030	105.869,60 €	22.232,62 €	128.102,22 €
ano 10	2031	111.163,08 €	23.344,25 €	134.507,33 €
	TOTAL=	959.180,21 €	201.427,85 €	1.160.608,06 €

IMPORTE ANUALIZADO DO CONTRATO MODIFICADO 1 (esta táboa inclúe a redución do prezo da parte variable do ano 2023, polo que da como resultado o prezo do contrato modificado 1º corrixido):

		IMPORTE TOTAL CON- TRATO MODIFICADO S/IVE	TOTAL IVE	Total con IVE CON- TRATO MODIFICADO
ano 1	2022	16.882.647,04 €	1.695.426,34 €	18.578.073,38 €
ano 2	2023	34.792.919,17 €	3.488.757,65 €	38.281.676,82 €
ano3	2024	35.542.422,16 €	3.564.296,40 €	39.106.718,56 €
ano 4	2025	37.999.150,57 €	3.810.283,34 €	41.809.433,91 €
ano 5	2026	38.699.101,00 €	3.880.761,14 €	42.579.862,14 €
ano 6	2027	39.288.913,43 €	3.939.924,84 €	43.228.838,27 €
ano 7	2028	39.891.684,70 €	4.000.242,54 €	43.891.927,24 €
ano 8	2029	40.503.376,31 €	4.061.965,39 €	44.565.341,70 €
ano 9	2030	41.125.109,28 €	4.124.156,59 €	45.249.265,87 €
ano 10	2031	41.782.758,80 €	4.190.503,82 €	45.973.262,62 €
	TOTAL=	366.508.082,46 €	36.756.318,05 €	403.264.400,51 €

Expresando este importe conforme ao modelo da adxudicación, resulta:

MODIFICADO 1 CORRIXIDO					
	Parte fixa	Plan de investimentos do contrato	Parte variable por reciclaxe	Parte variable por incentivo	Prezo do contrato modificado 1º
Prezo sen IVE	323.754.427,36	15.731.057,17	26.063.417,72	959.180,21	366.508.082,46
Importe IVE	32.375.442,74	1.573.105,70	2.606.341,76	201.427,85	36.756.318,05
Tipo impositivo	10%	10%	10%	21%	403.264.400,51

MODIFICADO 1 CORRIXIDO		
total parte fixa S/IVE:		323.754.427,36
total parte variable por reciclaxe S/IVE:		26.063.417,72
total parte variable por incentivo S/IVE:		959.180,21
amortización máis financiamento do investimento S/IVE:		15.731.057,17
TOTAL CONTRATO S/IVE		366.508.082,46
	IVE 10%:	36.554.890,20
	IVE 21%:	201.427,85
Total IVE:		36.756.318,05
total do CONTRATO:		403.264.400,51

Así obtido o prezo total do contrato, resulta nun importe inferior ao que figura no punto 4º do acordo (403.575.854,95€), polo que debe ser corrixido.

Procede indicar a este respecto, que **os importes facturados pola empresa no ano 2023 son correctos, e a corrección que agora se tramita non os cambia dado que unicamente afectan á parte variable**. Da parte variable do prezo do contrato, a empresa adxudicataria factura o importe correspondente aos residuos efectivamente tratados, e o importe que se corrixe é o máximo que permite o contrato e non o realmente facturado pola empresa.

Ademais, e por mor da rebaixa na parte variable do prezo do contrato, debe tamén calcularse a porcentaxe que esta redución supón sobre a suma de fixo máis variable da adxudicación, tal como indica o apartado 15.D da FEC (Anexo I -FEC- do PCAP):

“Para as posibles modificacións do importe dos custes da parte fixa e variable do contrato non poderá superar o límite do 5 % do importe do contrato para estes conceptos.”

Este cálculo non se realizou no expediente orixinal ao non considerarse nese momento a redución.

Dado que existen dous conceptos variables diferentes: o variable que costea a xestión dos residuos reciclables clásicos máis o orgánico, e o variable que incentiva ao adxudicatario para mellorar a taxa de reciclado da cidade; é preciso concretar neste momento o procedemento para realizar o cálculo, e deste xeito fixar o criterio.

Para discernir esta cuestión, procede invocar o cálculo do valor estimado do contrato que aparece na memoria económica que figura no expediente orixinal 7645-252. Nese caso, a porcentaxe do 5% calcúlase sobre o total da parte fixa do prezo do contrato, máis a parte variable por recollida selectiva +orgánico, engadíndolle a ambas a porcentaxe de Gastos Xerais e Beneficio Industrial, e sen engadirlle o IVE. Non forma parte do cálculo a parte variable do prezo do contrato por incentivo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1953/1102

Seguindo este criterio, o cálculo da porcentaxe de variación que provoca a rebaixa da parte variable do prezo do contrato da primeira modificación é a seguinte:

	ADXUDICACIÓN	MODIFICADO 1º CORRIXIDO	COMPARACIÓN
total parte fixa S/IVE:	323.754.427,36	323.754.427,36	
total parte variable por reciclaxe S/IVE:	26.346.558,10	26.063.417,72	
TOTAL fixo máis variable non incentivo S/IVE	350.100.985,46	349.817.845,08	-0,08% (-283.140,38)

$$((349.817.845,08 - 350.100.985,46) / 350.100.985,46) * 100 = - 0,08 \%$$

O que queda dentro do límite do +5% establecido no PCAP.

b) corrección do importe da redución do plan de investimentos do contrato

